

ANÁLISE DA PRESENZA DA MULLER NA IMAXE QUE A
UNIVERSIDADE DE VIGO PROXECTA NOS MEDIOS NO
ÁMBITO INTERNO E EXTERNO

Ano 2015

DIRECTORA
María M. Álvarez Lires

EQUIPO
Iria Vázquez Silva
Carmen Armada Olleros
Francisco Javier Álvarez Lires

ÍNDICE

1. Introducción	9
1.1 A presenza das mulleres nos medios.....	10
2. Metodoloxía	12
2.1 Análise da primeira nova da hemeroteca	13
2.2 Análise das portadas do Duvi.....	14
4. Análise da primeira nova da hemeroteca do Duvi	15
4.1 Resultados por ano	
4.1.1 Porcentaxe de novas por campus e ano	15
4.1.2 Ámbito da nova por ano	17
4.1.3 Contidos das novas por ano.....	19
4.1.4 Linguaxe empregada no texto das novas (inclusiva ou androcéntrica).....	22
4.1.5 Imaxe da nova por ano	24
4.1.6 Persoa protagonista por ano	26
4.2.	Análise global dos resultados
4.2.1 Novas por campus.....	29
4.2.2 Cargo da persoa protagonista.....	30
4.2.3 Ámbito da nova	32
4.2.4 Contido da nova	33
4.2.5 Linguaxe empregada no título e no corpo do texto	35
4.2.5.1 Linguaxe empregada no título	35
4.2.5.2 Linguaxe empregada no texto	36
4.2.6 Análise das imaxes.....	37
4.2.7 Aparece ou non o nome da persoa protagonista	39
4.2.8 Sexo da persoa protagonista.....	40
4.3	Cruces de variables
4.3.1 Sexo da persoa protagonista da nova e contido desta.....	43
4.3.2 Nome da persoa protagonista-protagonista da nova	47
4.3.3 Análise da imaxe-contido da nova	50
4.3.4 Campus-persoa protagonista da nova	54
4.3.5 Campus e ámbito da nova.....	57
4.3.6 Ámbito da nova e contido da nova.....	61

5. Análise das portadas do Duvi. Imaxe externa	68
5.1 Análise global dos resultados	
5.1.1 Novas por campus	69
5.1.2 Ámbito da nova	70
a) Ámbito da igualdade	
b) Ámbito de coñecemento	
5.1.3 Contido da nova	72
5.1.4 Análise da imaxe.....	74
5.1.5 Protagonista da nova.....	76
5.1.6 A persoa protagonista é investigadora principal.....	78
5.1.7 Linguaxe empregada no título (inclusiva ou andrócentrica)	79
5.1.8 Tipo de linguaxe empregada no texto	80
5.1.9 Aparece ou non o nome da persoa protagonista	82
5.1.10 Cargo da persoa protagonista da nova.....	83
5.2 Análise dos resultados por ano	
5.2.1 Novas por campus e ano.....	84
5.2.2 Análise da imaxe por ano.....	86
5.2.3 Protagonista da nova por ano.....	88
5.2.4 Ámbito da nova por ano	91
5.3 Cruces de variables	
5.3.1 Aparece ou non o nome da persoa protagonista da nova	93
5.3.2 Contido da nova e análise da imaxe	96
5.3.3 Campus e protagonista da nova	100
5.3.4 Campus e ámbito da nova.....	102
5.3.5 Contido da nova e ámbito da nova.....	104
6. Conclusións	108
6.1 Aspectos xerais da imaxe interna da Universidade de Vigo	108
6.2 Aspectos referidos á análise de resultados desde a perspectiva de xénero	109

a) Puntos fortes	
b) Puntos débiles	
6.3. Conclusións desde un marco comparativo. As portadas fronte ao resto das novas.....	111
6.3.1 Os resultados globais desde unha ollada comparada.....	112
6.3.2 Os cruces de variables desde unha ollada comparada.....	114
7. Propostas	117
8. Bibliografía	120

Índice de táboas

Táboa 1. Porcentaxe de novas por campus e ano.....	16
Táboa 2. Análise por ámbito da nova e ano	18
Táboa 3. Contido da nova por ano	20
Táboa 4. Tipo de linguaxe utilizada no texto por ano.....	22
Táboa 5. Análise da imaxe por ano	25
Táboa 6. Protagonista da nova por ano	27
Táboa 7. Cargo da persoa protagonista da nova	30
Táboa 8. Ámbito da nova.....	32
Táboa 9. Contido da nova.....	34
Táboa 10. Análise da imaxe	38
Táboa 11. Aparece ou non o nome da persoa protagonista.....	39
Táboa 12. Protagonista da nova.....	41
Táboa 13. Protagonista da nova - contido da nova.....	43
Táboa 14. Aparece ou non o nome da persoa protagonista-protagonista da nova	47
Táboa 15. Análise da imaxe- contido da nova	50
Táboa 16. Nome do campus- persoa protagonista da nova	55
Táboa 18. Campus - ámbito da nova	58
Táboa 19. Ámbito da nova -contido da nova	62
Táboa 20. Novas por campus.....	69
Táboa 21. Ámbito da nova.....	70
Táboa 22. Ámbito de coñecemento	71
Táboa 23. Contido da nova.....	73

Táboa 24. Análise da imaxe	75
Táboa 25. Protagonista(s) da nova	77
Táboa 26. A persoa protagonista é IP.....	78
Táboa 27. Tipo de linguaxe utilizada no título	80
Táboa 28. Tipo de linguaxe utilizada no texto	81
Táboa 29. Aparece ou non o nome da persoa protagonista.....	82
Táboa 30. Cargo da persoa protagonista da nova.....	83
Táboa 31. Campus por ano.....	85
Táboa 32. Análise da imaxe por ano	87
Táboa 33. Protagonista da nova por ano	89
Táboa 34. Ámbito da nova por ano.....	92
Táboa 35. Aparece ou non o nome da persoa protagonista - protagonista da nova.....	94
Táboa 36. Contido da nova - análise da imaxe.....	96
Táboa 37. Campus e protagonista da nova.....	101
Táboa 38. Campus e ámbito da nova	103
Táboa 39. Ámbito da nova e contido da nova.....	105

Índice de gráficos

Gráfico 1. Novas por campus e ano.....	17
Gráfico 2. Ámbito da nova por ano	19
Gráfico 3. Contido da nova por ano	21
Gráfico 4. Tipo de linguaxe utilizada no texto por ano.....	24
Gráfico 5. Análise da imaxe por ano.....	26
Gráfico 6. Protagonista da nova por ano.....	29
Gráfico 7. Novas por campus.....	30
Gráfico 8. Cargo da persoa protagonista da nova.....	31
Gráfico 9. Ámbito da nova	33
Gráfico 10. Contido da nova	35
Gráfico 11. Tipo de linguaxe utilizada no título	36
Gráfico 12. Tipo de linguaxe utilizada no texto	37

Gráfico 13. Análise da imaxe	39
Gráfico 14. Aparece ou non o nome da persoa protagonista	40
Gráfico 15. Protagonista da nova	42
Gráfico 16. Protagonista da nova- contido da nova	46
Gráfico 17. Aparece ou non o nome da persoa protagonista - protagonista da nova	50
Gráfico 18. Análise da imaxe - contido da nova.....	54
Gráfico 19. Nome do campus - persoa protagonista da nova.....	57
Gráfico 20. Campus - ámbito da nova.....	60
Gráfico 21. Ámbito da nova - contido da nova	68
Gráfico 22. Novas por campus.....	69
Gráfico 23. Ámbito da nova	70
Gráfico 24. Ámbito de coñecemento.....	72
Gráfico 25. Contido da nova	74
Gráfico 26. Análise da imaxe.....	76
Gráfico 27. Protagonista(s) da nova.....	78
Gráfico 28. A persoa protagonista é IP.....	79
Gráfico 29. Tipo de linguaxe utilizada no título	80
Gráfico 30. Tipo de linguaxe no texto	81
Gráfico 31. Aparece ou non o nome da persoa protagonista	82
Gráfico 32. Cargo da persoa protagonista da nova.....	84
Gráfico 33. Campus por ano	86
Gráfico 34. Análise da imaxe por ano.....	88
Gráfico 35. Protagonista da nova por ano.....	91
Gráfico 36. Ámbito da nova por ano	93
Gráfico 37. Aparece ou non o nome da persoa protagonista – protagonista da nova	95
Gráfico 38. Contido da nova - análise da imaxe	100
Gráfico 39. Campus e protagonista da nova.....	102
Gráfico 40. Campus e ámbito da nova.....	104
Gráfico 41. Ámbito da nova e contido da nova.....	107

1. INTRODUCCIÓN

O presente informe enmárcase nos eixes e obxectivos do I Plan de igualdade entre mulleres e homes da Universidade de Vigo (2012-2014) que, pola súa parte, se fundamenta, entre outras disposicións normativas, na Lei 3/2007 para a igualdade efectiva de mulleres e homes.

O devandito plan baséase en tres eixes, entre os que cabe citar como máis acaído para este caso o «Eixe 2. A cultura da igualdade na Universidade de Vigo», cuxo obxectivo estratéxico é «Expandir e impregnar a cultura da igualdade na Universidade de Vigo». No desenvolvemento deste obxectivo, afirmase o seguinte:

A universidade debe velar pola transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de homes e mulleres na sociedade, no sentido en que o recolle na Lei 3/2007 no seu artigo 36 ao se referir aos medios de comunicación de titularidade pública.

Por todo isto, é preciso desenvolver accións de sensibilización e de formación para cambiar as miradas carentes de perspectiva crítica promovendo a reflexión e o debate. Asemade, no campo da cultura **ten grande importancia a comunicación, polo que é necesario incorporar a perspectiva de xénero nos procesos de comunicación e de difusión que eviten mensaxes e imaxes estereotipadas e normalicen a presenza das mulleres nos ámbitos científico e académico.**

A este respecto, no «Obxectivo operativo 2. Incorporar a perspectiva de xénero na difusión e comunicación», establécese o seguinte:¹

Cada vez hai máis conciencia da necesidade de empregar unha linguaxe non sexista e unha imaxe menos estereotipada. Non obstante, no plano dos feitos tense avanzado pouco, sobre todo porque xera moitas resistencias seguramente porque non se comprenden ben as razóns polas que é preciso empregar a linguaxe inclusiva.

Empregar unha linguaxe libre de sexismo é un aspecto importante na reivindicación da igualdade; de feito, as diferentes leis de igualdade incorporan este tema no seu articulado. Con isto non se busca só tratar de forma simétrica mulleres e homes no plano lingüístico, senón gañar en precisión e exactitude no plano cognitivo, sen excluír nin invisibilizar ningún dos sexos.

A análise da comunicación na institución é moi relevante para coñecer a cultura da igualdade. A linguaxe, tanto no aspecto verbal como icónico, é unha construción social que ten unha grande importancia, pois non só nomea a realidade, senón que a interpreta e contribúe á súa creación.

No mundo actual a linguaxe icónica é importante para a comunicación e a transmisión das ideas, e por tanto tamén de estereotipos. A miúdo, as imaxes reflicten unha realidade estereotipada que mantén a división sexual do traballo e do espazo. Moitos traballos e espazos aínda están asignados segundo os roles tradicionais de xénero, reproducindo e favorecendo a desigualdade e contribuindo a manter pautas de comportamento de roles diferenciados. A forma en que homes e mulleres aparecen nos medios de comunicación sempre implica unha interpretación do mundo con referencia a un retrato de xénero, ao que hai que engadir que cando o sexismo das imaxes é sutil adoita pasar máis desapercibido.

A Universidade debería deixar patente o seu compromiso coa igualdade tamén nestas facetas simbólicas, especialmente por ser unha institución de carácter educativo que traballa no campo do coñecemento. A linguaxe e as referencias icónicas non se deben limitar a reflectir a realidade, senón que deben responder a unha acción positiva transformadora; desta maneira, débese coidar a presenza equilibrada de mulleres e homes, así como a equidade no valor do que fan ou representan. Por exemplo ofrecendo imaxes de mulleres en traballos non

¹O resalte de parágrafos en grosa non está no orixinal.

tradicionais respecto do xénero ou imaxes e homes e mulleres compartindo todos os espazos e tempos.

Os elementos básicos que se considerarían para incorporar a perspectiva de xénero neste campo do simbólico serían os de equilibrio e equidade na presenza, de visibilidade, de xerarquía e de valor na representación.

Na diagnose detectouse que os procesos e procedementos de comunicación –imaxe, linguaxe e mensaxe– se poden mellorar para evitar marcas de xénero:

- Establecer criterios para a incorporación da perspectiva de xénero á elaboración da nova regulamentación e á documentación e procedemento e de difusión.
- Difundir o *Manual de linguaxe inclusiva no ámbito universitario* editado pola Unidade de Igualdade.
- **Elaborar e difundir un protocolo sobre a transmisión da imaxe das mulleres por parte da universidade fundamentado no principio de igualdade.**
- **Deseñar e implantar un procedemento de seguimento da incorporación da perspectiva de xénero na comunicación interna e externa da Universidade de Vigo, con prioridade nos actos públicos e campañas.**
- **Manter a revisión sistemática de toda a documentación institucional da Universidade Vigo para incorporar a perspectiva e xénero implicando o servizo responsable da normalización.**
- Manter unha estratexia de revisión da documentación impresa: tarxetas de visita, sinaléptica, organigramas, denominación de postos, formularios, impresos, fichas ou calquera outra.
- **Transmitir unha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada das mulleres e homes para facer visibles as mulleres e a súa contribución aos resultados e ao éxito da organización.**
- **Analizar a presenza da muller na imaxe corporativa e na imaxe que a institución proxecta nos medios para valorar a neutralidade na imaxe que proxecta a organización tanto no ámbito interno como no externo.**

Consonte os obxectivos anteditos, elaborouse o informe que aquí se presenta.

1.1. A presenza das mulleres nos medios

Os medios de comunicación configuran un espazo privilexiado onde se recollen temas que afectan, dun xeito ou doutro, a cidadanía en xeral. Os medios de comunicación serven para informar e entreter, debater ideas ou compartir emocións. Bach *et al.* (2000) realizaron unha análise cualitativa dos seis xornais de maior tirada en España e doutros tres diarios do ámbito da prensa local catalá durante unha semana. A este respecto, as citadas autoras salientan que sendo tan importante o impacto que os medios teñen nas nosas vidas, non é gratuío pensar que conforman parte da nosa percepción da realidade: de como vemos o mundo, de como nos vemos e de como vemos outras persoas.

Os medios son unha importante fonte de coñecemento, á vez que un dos mellores instrumentos de socialización. Os medios de comunicación, consciente ou inconscientemente, propoñen pautas de comportamento e moos de referencia para toda a comunidade. Así, a exposición continuada dunhas e duns personaxes determinados, o seguimento diario duns escenarios e temas e a ocultación doutros moan inevitablemente o noso universo simbólico, a nosa escala de valores e as nosas expectativas. En definitiva, os medios teñen o poder de definir unha axenda acerca de cales son os temas sociais relevantes e as/os personaxes clave do día.

Segundo as citadas autoras, os medios son construcións que recollen os cambios que se producen para incorporalos á sociedade, facendo, ao mesmo tempo, novas propostas de comportamento social, que á súa vez poden incidir na propia sociedade e así sucesivamente. Por todos estes motivos semella tan importante tratar a cuestión da representación das mulleres nos medios de comunicación.

A representación das mulleres nos medios de difusión constitúe un obxecto de estudo desde principios dos anos setenta, momento en que se desenvolven as primeiras investigacións nos Estados Unidos. Nesa década, Gaye Tuchman (1978) difunde a idea da marxinação e estigmatización que sofren as mulleres nos medios, empregando o concepto de «aniquilación simbólica» para describir como os medios trivializan as mulleres e a súa importancia na sociedade. Nos primeiros anos da década dos oitenta, outra autora, Margaret Gallagher (1981), sostén que os medios de comunicación son a fonte e a confirmación da desigualdade estrutural que afecta as mulleres. Mais Gallagher expón, tamén, outro enfoque que se complementa co anterior: os medios de comunicación poden usarse, ao tempo, para o avance da igualdade e do status das mulleres.

Afondando nas liñas anteriores, Michèle Mattelart (1982) chama a atención sobre o trazo que se produce na cultura de masas ao enfocar as mulleres como suxeitos pasivos. A xa citada Gallagher (citada por Rovetto, 2013) láíase da inexistencia de suficientes datos fiables e das escasas investigacións neste eido. Nesa época, só Estados Unidos e poucos países do norte de Europa desenvolveran estudos sobre mulleres e medios de comunicación. Un dos países pioneiros en Europa foi Noruega, cuxa televisión pública desenvolve estudos deste tipo desde 1973 (Sánchez *et al.*, 2003).

Na presente década, Dara Greenwood e Julia Lippman (2010), nunha investigación realizada en diversos medios que inclúen televisión e redes sociais (*Gender and Media: Content, Uses, and Impact*) manifestan a influencia dos medios de comunicación e subliñan que, aínda que existen evidencias convincentes de que os homes e as mulleres son moito máis semellantes que diferentes a través dunha ampla variedade de dominios, as percepcións das diferenzas de xénero poden levar a crer que os homes e as mulleres habitan universos de xénero distintos, o cal pode desencadear autopredicías que confirman estas expectativas. Estas percepcións poden guiar incluso as interpretacións académicas nas investigacións.

Outros estudos recentes, como o de Rebecca Collins (2011), mostran que as mulleres seguen a estar infrarrepresentadas nos medios e suxeitas a estereotipos de xénero, aínda que existen certas diferenzas en función da raza, a orientación sexual ou a nacionalidade.

No contexto español, non obstante, este tipo de investigacións aínda é escaso se as comparamos co resto de países europeos ou con Estados Unidos. O primeiro estudo relativo aos medios impresos é o publicado polo Instituto da Muller en 1984. Nesta primeira investigación analizáronse os cinco maiores diarios estatais naquel momento, durante os meses de xullo, setembro e outubro de 1983. Este traballo chega á conclusión

de que as mulleres aparecían na prensa de información entre un 7 % e un 9 %. Estudos posteriores, como o coordinado por Joana Gallego (1998), *Gènere i informació*, realizan unha radiografía da presenza de homes e mulleres nos diarios de información xeral. Nesta investigación conclúese que dos 30 973 nomes propios aparecidos nos diarios de información xeral en 1998 só 3659 (o 11,8 %) correspondían a mulleres. A maioría destes estudos utiliza unha metodoloxía cuantitativa e a técnica de análise máis empregada é a análise de contido.

Non obstante, existen tamén algúns traballos de interese (Gallego *et al.*, 2002) que, desde unha perspectiva cualitativa, teñen analizado os estereotipos de xénero manexados nas redaccións dos grandes diarios estatais e nunha axencia de novas. Unha das publicacións no contexto español máis interesante neste eido é a obra de Marta Bach *et al.* (2000), *El sexo de la noticia. Reflexiones sobre el género en la información y recomendaciones de estilo*, unha obra á que facemos referencia repetidamente ao longo deste informe.

É salientable o feito de que non fomos quen de dar con ningún estudo referente a un medio institucional, como o caso do Duvi, polo que as comparacións coa prensa xeneralista son indicativas, xa que nin a estrutura, nin as seccións, nin os contidos deste responden aos correspondentes á prensa xeneralista.

2. METODOLOXÍA

Previamente ao deseño da investigación, realizouse unha revisión bibliográfica sobre a presenza e a imaxe das mulleres nos medios de comunicación. Non foi posible dar cunha análise de medios institucionais, polo que as comparacións establecidas con medios xeneralistas son, necesariamente, indicativas.

Posteriormente, examinouse a imaxe que transmite a Universidade de Vigo, interna e externamente, a través do Duvi, que é a primeira imaxe que aparece cando se accede á web da institución. Para tal fin, utilizouse a técnica de análise de contidos, que incluíu aspectos cuantitativos e interpretativos. Para este fin, recolléronse novas do Duvi desde o 1 de xaneiro de 2012 ata o 31 de decembro de 2014. Tendo en conta os estudos revisados previamente, aprézase que o período de tempo considerado nesta investigación é especialmente amplo. Así, se moitos estudos previos limitan a súa análise das novas a unha ou varias semanas, os tres anos considerados neste informe confiren un peso moi importante aos resultados acadados.

A maneira de proceder para a devandita análise foi a seguinte:

- a) Analizouse a primeira nova da hemeroteca do Duvi durante os anos 2012, 2013 e 2014, un total de 676 que corresponden á derradeira nova que chega á redacción do Duvi cada día (procedente dos diferentes campus).
- b) Unha vez analizados os resultados do apartado anterior, procedeuse a analizar os contidos dun do total de 764 portadas (265 de 2012, 254 de 2013 e 235 de 2014). A

mostraxe representativa analizada foi de 256 portadas, repartidas da seguinte maneira: 90 de 2012, 85 de 2013 e 81 de 2014.

c) Realizouse unha análise comparativa entre os resultados de ambas as partes da investigación

d) Fixéronse propostas encamiñadas a mellorar a imaxe das mulleres

2.1. Análise da primeira nova da hemeroteca

En total, analizáronse 676 novas do Duvi e, para cada unha as, elaborouse unha ficha por cada unha das categorías establecidas (campus, imaxe, ámbito da nova, contido, linguaxe do título e da nova, sexo da persoa protagonista, categoría académica e cargo). En total, 4732 fichas. Para analizar este extenso material, establecéronse as variables que se pretendía analizar, elaborouse unha base de datos, cuxo procesamento se levou a cabo co paquete informático-estadístico SPSS (v.20), e realizouse unha análise estatística descritiva. Posteriormente, levouse a cabo unha análise interpretativa dos resultados.

As anteditas variables tentan detectar a presenza que mulleres e homes teñen no Duvi: quen aparece nas novas, nas fotografías, quen é a persoa protagonista da nova, que cargo ostenta, a que ámbito pertence etc. Coa finalidade de comprobar se as variables recollidas *a priori* se axustaban aos contidos das novas do Duvi, fíxose un baleirado de cen novas e, á vista dos resultados obtidos, establecéronse novas variables.

As variables establecidas foron as seguintes:

- Campus: Pontevedra, Ourense ou Vigo.
- Imaxe: quen aparece na fotografía da nova (home, muller, home e muller, grupo mixto, grupo mixto con maioría de mulleres, grupo mixto con maioría de homes, grupo de mulleres, grupo de homes e outras).
- Ámbito da nova: para analizar esta categoría, establecéronse uns ámbitos que non atinxen estritamente os académicos (científico-tecnolóxico, xurídico-social e artes-humanidades), senón os aspectos que se reflicten nas novas do Duvi, despois de examinar un certo número as: científico-tecnolóxico, xurídico-social, actividade física e deportiva, educación, comunicación audiovisual e publicidade, humanidades-filoloxías, arte, igualdade e outras.
- Contido da nova: deporte, xornadas e congresos, difusión da investigación, xestión, actividades culturais, formación, información institucional (Claustro, Consello de Goberno...) e outras.
- Linguaxe do título e linguaxe do texto: inclusiva ou androcéntrica (masculino utilizado como xenérico).
- Protagonista da nova: home, muller, grupo de homes, grupo de mulleres, grupo mixto e outras. Se aparece o nome e se a persoa protagonista é investigadora principal.
- Categoría da persoa protagonista da nova: catedrática, titular, contratada doutora, axudante doutora, asociada, PAS, alumnado e outras.

- Cargo da persoa protagonista da nova: persoa reitora, persoa vicerreitora, persoa decana, persoa de dirección de departamento, persoa vicedecana, cargo empresarial e outras.

Elaboráronse táboas de continxencia e gráficos. Posteriormente, cruzáronse diversas variables para analizar a súa relación desde unha perspectiva de xénero.

Finalmente, elaboráronse conclusións

2.2. Análise das portadas do Duvi

Unha vez analizados os resultados correspondentes ao apartado anterior, agrupáronse os datos correspondentes ás portadas, consonte as seguintes categorías:

Análise global dos resultados

Novas por campus

Ámbito da nova

- Igualdade

- Ámbito de coñecemento

Contido da nova

Análise da imaxe

Protagonista da nova

A persoa protagonista é investigadora principal

Linguaxe empregada no título

Linguaxe empregada no texto

Aparece ou non o nome da persoa protagonista

Cargo da persoa protagonista da nova

Análise dos resultados por anos

Novas por campus

Análise da imaxe

Protagonista da nova

Ambito da nova

Elaboráronse táboas de continxencia e gráficos. Posteriormente, cruzáronse diversas variables para analizar a súa relación desde unha perspectiva de xénero.

Elaboráronse conclusións

3. ESTRUTURA DO INFORME

O presente informe estrutúrase en varias seccións diferenciadas. 1. Preséntase unha análise de resultados correspondentes á primeira nova da hemeroteca (2012, 2013 e 2014).

2. Preséntase unha análise dos resultados correspondentes ás portadas do Duvi no mesmo período. 3. Establécense conclusións de cada unha das análises realizadas

4. Realízase unha análise comparativa entre os resultados da primeira e da segunda análise. 4. Fanse propostas de mellora.

Finalmente, ofrécense referencias bibliográficas, nas que se inclúen algunhas publicacións pioneiras e outras moi recentes.

4. ANÁLISE DA PRIMEIRA NOVA DA HEMEROTECA DO DUVI

4.1. RESULTADOS POR ANO

Preséntase a continuación unha explotación dos datos, distinguindo os resultados por ano, co obxectivo de detectar posibles diferenzas no tratamento das novas ao longo do período analizado. As categorías analizadas foron as seguintes: porcentaxe de novas por campus e ano, ámbito da nova, contidos das novas por ano, linguaxe empregada no texto das novas (inclusiva ou androcéntrica), imaxe da nova e sexo da persoa protagonista.

4.1. 1 Porcentaxe de novas por campus e ano

En primeiro lugar, analizouse o número de novas por campus e por ano. As novas que se refiren aos tres campus aparecen baixo a denominación de «xenérico». Como se pode observar (táboa 1 e gráfico 1), o Campus de Vigo é o que máis novas aglutina nos tres anos considerados. Non obstante, existe certa variación na presenza dos campus de Pontevedra e Ourense:


- No ano 2012, o segundo campus en protagonismo foi o de Ourense, seguido do de Pontevedra.
- No ano 2013 o número relativo de novas do Campus de Ourense estivo por riba do correspondente de Pontevedra, pero segue a estar por baixo do de Vigo, que ocupa o primeiro lugar. Apréciase un descenso do número relativo de novas do Campus de Pontevedra e un aumento das de Ourense.
- No ano 2014, as portadas das novas referíronse ao Campus de Vigo en primeiro lugar, ao de Pontevedra en segundo e por último ao Campus de Ourense.
- No que se refire ás novas que atinxen aos tres campus (xenérico), a súa incidencia é mínima, como se pode apreciar na táboa 1 e no gráfico 1.

Táboa 1. Porcentaxe de novas por campus e ano

NOVAS DO CAMPUS POR ANO

			NOME DO CAMPUS				TOTAL
			VIGO	PONTEVEDRA	OURENSE	XENÉRICO	
ANO	2012	RECONTO	87	64	70	2	223
		% DE ANO	39,0 %	28,7 %	31,4 %	0,9 %	100,0 %
		% DE NOME DO CAMPUS	29,3 %	37,0 %	34,8 %	40,0 %	33,0 %
		% DO TOTAL	12,9 %	9,5 %	10,4 %	0,3 %	33,0 %
	2013	RECONTO	110	42	72	2	226
		% DE ANO	48,7 %	18,6 %	31,9 %	0,9 %	100,0 %
		% DE NOME DO CAMPUS	37,0 %	24,3 %	35,8 %	40,0 %	33,4 %
		% DO TOTAL	16,3 %	6,2 %	10,7 %	0,3 %	33,4 %
	2014	RECONTO	100	67	59	1	227
		% DE ANO	44,1 %	29,5 %	26,0 %	0,4 %	100,0 %
		% DE NOME DO CAMPUS	33,7 %	38,7 %	29,4 %	20,0 %	33,6 %
		% DO DO TOTAL	14,8 %	9,9 %	8,7 %	0,1 %	33,6 %
TOTAL		RECONTO	297	173	201	5	676
		% DE ANO	43,9 %	25,6 %	29,7 %	0,7 %	100,0 %
		% DE NOME DO CAMPUS	100,0 %	100,0 %	100,0 %	100,0 %	100,0 %
		% DO TOTAL	43,9 %	25,6 %	29,7 %	0,7 %	100,0 %

Gráfico 1. Novas por campus e ano



4.1.2. Ámbito da nova por ano

Deseguido, preséntanse os resultados do ámbito da nova por cada un dos tres anos analizados:

- Neste período obsérvase a importancia do ámbito científico-tecnolóxico como protagonista das novas. A presenza deste ámbito mantense neste período superior ao 20 %.
- Por outra banda, as novas que son clasificadas como «outras» foron aumentando de xeito importante ao longo dos anos analizados. Son novas de difícil clasificación, que saen dos ámbitos académicos estritos, como poden ser as que informan de celebracións de datas sinaladas, actividades de lecer ou, por exemplo, novas sobre campañas de prevención da saúde nas facultades.
- Ao longo deste período tamén foron aumentando as novas referidas ás actividades físico-deportivas, ás humanidades e filoloxías.
- Hai que salientar que as novas que se refiren ao ámbito da igualdade tamén se foron incrementando desde o ano 2012 ata o 2014. En concreto, neste último ano as novas sobre igualdade situáronse no 4,9 %.

- Detéctase un descenso importante nas novas referidas ao ámbito xurídico-social, que pasan dun 20,2 % en 2012 a un 3,1 % en 2014.


Táboa 2. Análise por ámbito da nova e ano

ÁMBITO DA NOVA POR ANO

	ÁMBITO DA NOVA										TOTAL
	CIENT-TECN.	XURÍD.-SOCIAL	ACTIV. FÍSICAS E DEPORT.	EDUCACIÓN	C. AUDIOV. E PUBLICIDAD.	HUMANID. FILOLOXÍAS	ARTE	IGUALD	OUTRAS		
ANO 2012	RECONTO	50	45	12	13	10	16	19	8	49	222
	% DE ANO	22,5 %	20,3 %	5,4 %	5,9 %	4,5 %	7,2 %	8,6 %	3,6 %	22,1 %	100,0 %
	% DE ÁMBITO DA NOVA	31,3 %	60,0 %	25,5 %	36,1 %	34,5 %	31,4 %	38,8 %	30,8 %	24,3 %	32,9 %
	% DO TOTAL	7,4 %	6,7 %	1,8 %	1,9 %	1,5 %	2,4 %	2,8 %	1,2 %	7,3 %	32,9 %
2013	RECONTO	60	23	17	10	9	15	15	6	71	226
	% DE ANO	26,5 %	10,2 %	7,5 %	4,4 %	4,0 %	6,6 %	6,6 %	2,7 %	31,4 %	100,0 %
	% DE ÁMBITO DA NOVA	37,5 %	30,7 %	36,2 %	27,8 %	31,0 %	29,4 %	30,6 %	23,1 %	35,1 %	33,5 %
	% DO TOTAL	8,9 %	3,4 %	2,5 %	1,5 %	1,3 %	2,2 %	2,2 %	0,9 %	10,5 %	33,5 %
2014	RECONTO	50	7	18	13	10	20	15	12	82	227
	% DE ANO	22,0 %	3,1 %	7,9 %	5,7 %	4,4 %	8,8 %	6,6 %	5,3 %	36,1 %	100,0 %
	% DE ÁMBITO DA NOVA	31,3 %	9,3 %	38,3 %	36,1 %	34,5 %	39,2 %	30,6 %	46,2 %	40,6 %	33,6 %

	% DO TOTAL	7,4 %	1,0 %	2,7 %	1,9 %	1,5 %	3,0 %	2,2 %	1,8 %	12,1 %	33,6 %
TOTAL	RECONTO	160	75	47	36	29	51	49	26	202	675
	% DE ANO	23,7 %	11,1 %	7,0 %	5,3 %	4,3 %	7,6 %	7,3 %	3,9 %	29,9 %	100,0 %
	% DE ÁMBITO DA NOVA	100,0 %	100,0 %	100,0 %	100,0 %	100,0 %	100,0 %	100,0 %	100,0 %	100,0 %	100,0 %
	% DO TOTAL	23,7 %	11,1 %	7,0 %	5,3 %	4,3 %	7,6 %	7,3 %	3,9 %	29,9 %	100,0 %

Gráfico 2. Ámbito da nova por ano



4.1.3. Contidos das novas por ano

A continuación, recóllense os resultados dos contidos das novas por ano (táboa 3 e gráfico 3). Ao longo dos tres anos é importante sinalar o seguinte:

- As novas que se refiren a xornadas e congresos superan nos tres anos o 20 %.

- Aumentaron de xeito importante no ano 2014 as que informan sobre difusión da investigación.
- Tamén aumentaron de maneira salientable as novas referidas a formación, que pasan dun 9,9 % a un 14,2 %.


Táboa 3. Contido da nova por ano

CONTIDO DA NOVA POR ANO

			CONTIDO DA NOVA									TOT	
			DEPORTE	XORN. E CONGRES	DIFUSIÓN INVESTIGAC.	XESTIÓN	ACTIV. CULTURAIS	FORMACIÓN	INFO. INSTITUCIONAL	CLAUS TRO	CONSELLO GOBERNO		OUT RAS
ANO 2012	RECONTO		4	47	36	2	28	22	26	1	1	56	223
	% DE ANO		1,8 %	21,1 %	16,1 %	0,9 %	12,6 %	9,9 %	11,7 %	0,4 %	0,4 %	25,1 %	100,0 %
	% DE CONTIDO DA NOVA		15,4 %	27,8 %	27,3 %	28,6 %	28,9 %	30,6 %	29,9 %	50,0 %	20,0 %	70,9 %	33,0 %
	% DO TOTAL		0,6 %	7,0 %	5,3 %	0,3 %	4,1 %	3,3 %	3,8 %	0,1 %	0,1 %	8,3 %	33,0 %
2013	RECONTO		13	61	44	3	39	18	29	0	2	17	226
	% DE ANO		5,8 %	27,0 %	19,5 %	1,3 %	17,3 %	8,0 %	12,8 %	0,0 %	0,9 %	7,5 %	100,0 %
	% DE CONTIDO DA NOVA		50,0 %	36,1 %	33,3 %	42,9 %	40,2 %	25,0 %	33,3 %	0,0 %	40,0 %	21,5 %	33,4 %
	% DO TOTAL		1,9 %	9,0 %	6,5 %	0,4 %	5,8 %	2,7 %	4,3 %	0,0 %	0,3 %	2,5 %	33,4 %
2014	RECONTO		9	61	52	2	30	32	32	1	2	6	227
	% DE ANO		4,0 %	26,9 %	22,9 %	0,9 %	13,2 %	14,1 %	14,1 %	0,4 %	0,9 %	2,6 %	100,0 %

	% DE CONTIDO DA NOVA	34,6 %	36,1 %	39,4 %	28,6 %	30,9 %	44,4 %	36,8 %	50,0 %	40,0 %	7,6 %	33,6 %
	% DO TOTAL	1,3 %	9,0 %	7,7 %	0,3 %	4,4 %	4,7 %	4,7 %	0,1 %	0,3 %	0,9 %	33,6 %
TOTAL	RECONT O	26	169	132	7	97	72	87	2	5	79	676
	% DE ANO	3,8 %	25,0 %	19,5 %	1,0 %	14,3 %	10,7 %	12,9 %	0,3 %	0,7 %	11,7 %	100,0 %
	% DE CONTIDO DA NOVA	100,0 %	100,0 %	100,0 %	100,0 %	100,0 %	100,0 %	100,0 %	100,0 %	100,0 %	100,0 %	100,0 %
	% DO TOTAL	3,8 %	25,0 %	19,5 %	1,0 %	14,3 %	10,7 %	12,9 %	0,3 %	0,7 %	11,7 %	100,0 %

Gráfico 3. Contido da nova por ano



4.1.4. Linguaxe empregada no texto das novas (inclusiva ou androcéntrica)

Con respecto ao tipo de linguaxe empregada no texto das novas, obsérvase unha evolución positiva con respecto ao uso non sexista da linguaxe.

Desde o ano 2012, apréciase un incremento no emprego de linguaxe inclusiva, que pasa do 14,3 % en 2012 ao 51,8 % en 2014.

Detéctase, así, un intento loable, ao longo do período analizado, de usar unha linguaxe inclusiva, aínda que ás veces existen erros no seu emprego. A modo de exemplo, reproducíase esta nova na que se pode observar a falla de concordancia no xénero das palabras e, neste caso, entre singular e plural (maioría/funcionarios): «A maioría das persoas matriculadas son funcionarios que queren compatibilizar os estudos coa vida laboral e familiar» (fragmento do Duvi, 2014).

En calquera caso, no ano 2014 detéctase o uso do masculino como xenérico no 48,2 % das novas.

É ben sabido que o seu uso produce un efecto ocultador, invisibilizador das mulleres. Así, desde unha perspectiva de xénero temos que cuestionar o emprego do masculino xenérico, xa que identifica home con persoa e, polo tanto, confunde unha parte da realidade co todo, deixando as mulleres como un caso específico, como unha excepción á norma. A miúdo, para defender o uso do xenérico masculino alúdese ao mito do antiestético da repetición, á economía da linguaxe, ou a esixencias de estilo xornalístico, mais nomear a homes e a mulleres cando a comprensión da información o require non se pode considerar repetición, senón dicir as cousas polo seu nome, ou simplemente ser fiel á realidade, porque a realidade dos homes e das mulleres non sempre é coincidente. En síntese, o masculino como xenérico demostra a súa incapacidade para representar verdadeiramente a realidade, polo que autoras como Bach *et al.* (2000) denominan esta situación como «confusionismo latente».


Táboa 4. Tipo de linguaxe utilizada no texto por ano

TIPO DE LINGUAXE UTILIZADA NO TEXTO POR ANO

		TIPO DE LINGUAXE UTILIZADA NO TEXTO		TOTAL	
		INCLUSIVA	ANDROCÉNTRICA		
ANO	2012	RECONTO	32	191	223
		% DE ANO	14,3 %	85,7 %	100,0 %

	% DE TIPO DE LINGUAXE UTILIZADA NO TEXTO	13,4 %	43,6 %	33,0 %
	% DO TOTAL	4,7 %	28,3 %	33,0 %
2013	RECONTO	88	138	226
	% DE ANO	38,9 %	61,1 %	100,0 %
	% DE TIPO DE LINGUAXE UTILIZADA NO TEXTO	37,0 %	31,5 %	33,4 %
	% DO TOTAL	13,0 %	20,4 %	33,4 %
2014	RECONTO	118	109	227
	% DE ANO	52,0 %	48,0 %	100,0 %
	% DE TIPO DE LINGUAXE UTILIZADA NO TEXTO	49,6 %	24,9 %	33,6 %
	% DO TOTAL	17,5 %	16,1 %	33,6 %
TOTAL	RECONTO	238	438	676
	% DE ANO	35,2 %	64,8 %	100,0 %
	% DE TIPO DE LINGUAXE UTILIZADA NO TEXTO	100,0 %	100,0 %	100,0 %
	% DO TOTAL	35,2 %	64,8 %	100,0 %

Gráfico 4. Tipo de linguaxe utilizada no texto por ano



4.1.5. Imaxe da nova por ano

Examínase agora a imaxe da nova por ano (táboa 5 e gráfico 5). Hai varias cuestións que cómpre destacar desde unha perspectiva de xénero:

- En primeiro lugar, débese salientar que as fotografías de grupos mixtos teñen unha presenza moi importante no período analizado. Así, en 2012 e 2013 moitas novas (máis do 25 %) contaban con fotografías de grupos mixtos.
- Por outra banda, son relevantes as novas onde aparecen grupos compostos só por homes.
- No último ano aumentaron tamén outro tipo de imaxes, como o grupo mixto con maioría de homes.

As novas analizadas mostran unha presenza maior de fotografías nas que aparece un home como protagonista. Así, en 2014 o 11,4 % de novas tiña unha fotografía de home, mentres que só un 5,3 % de imaxes contaba coa presenza dunha muller protagonista. Como veremos máis adiante, estes resultados gardan relación coas persoas que protagonizan as novas. En definitiva, conséntase unha visibilización notable dos varóns nas fotografías das novas, mentres que as mulleres soas case non aparecen nas imaxes.

Non obstante, é relevante recoller que avanzaron levemente as fotografías onde aparecen grupos de mulleres, que no ano 2014 chegan ao 6,2 %.


Táboa 5. Análise da imaxe por ano

ANÁLISE DA IMAXE POR ANO

			ANÁLISE DA IMAXE								TOTAL	
			HOME	MULLER	HOME E MULLER	GRUPO MIXTO	G MIXTO MAIORÍA MULLERES	G.MIXTO MAIORÍA HOMES	GRUPO MULLERES	GRUPO HOMES		OUTRAS
ANO	2012	RECONTO	27	13	5	61	20	27	11	38	20	222
		% DE ANO	12,2 %	5,9 %	2,3 %	27,5 %	9,0 %	12,2 %	5,0 %	17,1 %	9,0 %	100,0 %
		% DE ANÁLISE DA IMAXE	35,1 %	36,1 %	22,7 %	39,6 %	30,3 %	30,7 %	28,9 %	33,3 %	25,0 %	32,9 %
		% DO TOTAL	4,0 %	1,9 %	0,7 %	9,0 %	3,0 %	4,0 %	1,6 %	5,6 %	3,0 %	32,9 %
	2013	RECONTO	24	11	10	58	23	26	12	37	25	226
		% DE ANO	10,6 %	4,9 %	4,4 %	25,7 %	10,2 %	11,5 %	5,3 %	16,4 %	11,1 %	100,0 %
		% DE ANÁLISE DA IMAXE	31,2 %	30,6 %	45,5 %	37,7 %	34,8 %	29,5 %	31,6 %	32,5 %	31,3 %	33,5 %
		% DO TOTAL	3,6 %	1,6 %	1,5 %	8,6 %	3,4 %	3,9 %	1,8 %	5,5 %	3,7 %	33,5 %
	2014	RECONTO	26	12	7	35	23	35	15	39	35	227
		% DE ANO	11,5 %	5,3 %	3,1 %	15,4 %	10,1 %	15,4 %	6,6 %	17,2 %	15,4 %	100,0 %
		% DE ANÁLISE DA IMAXE	33,8 %	33,3 %	31,8 %	22,7 %	34,8 %	39,8 %	39,5 %	34,2 %	43,8 %	33,6 %
		% DO TOTAL	3,9 %	1,8 %	1,0 %	5,2 %	3,4 %	5,2 %	2,2 %	5,8 %	5,2 %	33,6 %

TOTAL	RECONTO	77	36	22	154	66	88	38	114	80	675
	% DE ANO	11,4 %	5,3 %	3,3 %	22,8 %	9,8 %	13,0 %	5,6 %	16,9 %	11,9 %	100,0 %
	% DE ANÁLISE DA IMAXE	100,0 %	100,0 %	100,0 %	100,0 %	100,0 %	100,0 %	100,0 %	100,0 %	100,0 %	100,0 %
	% DO TOTAL	11,4 %	5,3 %	3,3 %	22,8 %	9,8 %	13,0 %	5,6 %	16,9 %	11,9 %	100,0 %

Gráfico 5. Análise da imaxe por ano



4.1.6. Persoa protagonista por ano

Con respecto á persoa protagonista da nova por ano, xorden dúas constatacións importantes:

- En primeiro lugar, é clara a importancia (sobre todo nos anos 2012 e 2013) dos grupos mixtos no protagonismo das novas.
- Non obstante, outro dos resultados relevantes apunta á importancia do protagonismo de homes e dos grupos de homes nas novas analizadas.

No ano 2014, o 35,8 % de novas foi protagonizado por un home, fronte ao 11,5 % que o foi por unha muller.

Estes resultados volven mostrar a gran visibilidade dos homes nos medios. A este respecto, hai que ter en conta que o Duvi informa non só de novas da institución, senón de diferentes acontecementos nos que a institución aparece xunto a representantes do ámbito político e do económico, ámbitos públicos onde a maior presenza de varóns segue a ser o habitual.

Non obstante, as mulleres incorporáronse e seguen a facelo a eses ámbitos públicos e, como consecuencia disto, incrementouse e diversificouse a súa aparición nos medios; aínda que, como recollen Bach *et al.* (2000), está lonxe o día no que estean presentes en termos de paridade. En calquera caso, temos que ter en conta que as mulleres seguen a ser minoría nas altas esferas do poder político, económico, social et., polo que teñen menos posibilidades de exercer os papeis protagonistas da información nestes eidos (Bach *et al.*, 2000).


Táboa 6. Protagonista da nova por ano

PROTAGONISTA(S) DA NOVA POR ANO

	PROTAGONISTA(S) DA NOVA						TOTAL
	HOME	MULLER	GRUPO HOMES	GRUPO MULLERES	GRUPO MIXTO	OUTRAS	
ANO 2012 RECONTO	53	28	30	9	94	9	223
% DE ANO	23,8	12,6	13,5	4,0	42,2	4,0	100,0
% DE PROTAGONISTA(S) DA NOVA	28,5	33,3	27,5	23,1	38,7	60,0	33,0
% DO TOTAL	7,8 %	4,1 %	4,4 %	1,3 %	13,9 %	1,3 %	33,0 %
2013 RECONTO	52	30	39	15	88	2	226
% DE ANO	23,0 %	13,3 %	17,3 %	6,6 %	38,9 %	0,9 %	100,0 %

	% DE PROTAGONISTA(S) DA NOVA	28,0 %	35,7 %	35,8 %	38,5 %	36,2 %	13,3 %	33,4 %
	% DO TOTAL	7,7 %	4,4 %	5,8 %	2,2 %	13,0 %	0,3 %	33,4 %
2014	RECONTO	81	26	40	15	61	4	227
	% DE ANO	35,7 %	11,5 %	17,6 %	6,6 %	26,9 %	1,8 %	100,0 %
	% DE PROTAGONISTA(S) DA NOVA	43,5 %	31,0 %	36,7 %	38,5 %	25,1 %	26,7 %	33,6 %
	% DO TOTAL	12,0 %	3,8 %	5,9 %	2,2 %	9,0 %	0,6 %	33,6 %
TOTAL	RECONTO	186	84	109	39	243	15	676
	% DE ANO	27,5 %	12,4 %	16,1 %	5,8 %	35,9 %	2,2 %	100,0 %
	% DE PROTAGONISTA(S) DA NOVA	100,0 %	100,0 %	100,0 %	100,0 %	100,0 %	100,0 %	100,0 %
	% DO TOTAL	27,5 %	12,4 %	16,1 %	5,8 %	35,9 %	2,2 %	100,0 %

Gráfico 6. Protagonista da nova por ano



- Non se incluíron nin as táboas, nin as gráficas referentes ao cargo da persoa protagonista, nin a súa categoría académica porque na maioría de novas aparecen grupos de persoas protagonistas. Eas que se refiren a unha persoa en concreto, por ano, son ben escasas (táboa 6), polo que unicamente se inclúen estas categorías na análise de datos globais.


4.2. ANÁLISE GLOBAL DOS RESULTADOS

A continuación, examínanse os resultados obtidos para os tres campus, co obxectivo de realizar unha análise conxunta.

4.2.1. Novas por campus

No seguinte gráfico (gráfico 7) pódese observar que os resultados para os tres anos mostran que o Campus de Vigo é o que máis novas protagoniza (o 43 % as), seguido de Ourense (29,6 %) e Pontevedra (25,5 %). Son moi poucas as novas que fan referencia aos tres campus que denominamos «campus xenérico».

Gráfico 7. Novas por campus



4.2.2. Cargo da persoa protagonista

Con respecto ao cargo da persoa protagonista da nova, hai que salientar a elevada porcentaxe de casos nos que non aparece especificado o cargo da persoa.

Cando se especifica o cargo, pódese observar (táboa 7 e gráfico 8) que o reitor e o conxunto das diferentes persoas vicerreitoras son as máis nomeadas, seguidas de decanos, decanas e de cargos empresariais. Estes dous últimos colectivos aparecen na mesma proporción.


Táboa 7. Cargo da persoa protagonista da nova

CARGO DA PERSOA PROTAGONISTA DA NOVA

	FRECUENCIA	PORCENTAXE	PORCENTAXE VÁLIDA	PORCENTAXE ACUMULADA
VÁLIDO NON APARECE	350	51,8	51,8	51,8
PERSOA REITORA	38	5,6	5,6	57,4

PERSOA VICERREITORRA	37	5,5	5,5	62,9
PERSOA DECANA	12	1,8	1,8	64,6
PERSOA DIRECCIÓN DEPARTAMENTO	2	,3	,3	64,9
PERSOA VICEDECANA	3	,4	,4	65,4
CARGO EMPRESARIAL	12	1,8	1,8	67,2
OUTRAS	222	32,8	32,8	100,0
TOTAL	676	100,0	100,0	

Gráfico 8. Cargo da persoa protagonista da nova



4.2.3. Ámbito da nova

A análise do ámbito da nova reflicte os resultados recollidos por ano (táboa 8 e gráfico 9). Existe unha elevada porcentaxe de novas asignadas á categoría de outras»; é dicir, que non se encadran estritamente en ningún ámbito académico.

Dentro dos ámbitos académicos, o científico-tecnolóxico é o que protagoniza máis novas (un 23,7 % as), seguido moi de lonxe do ámbito xurídico-social (11,1 %).

A continuación, ao redor do 7 % sitúanse os ámbitos de humanidades e filoloxías, arte e actividades físico-deportivas.

Educación está presente nun 5,3 %.

As novas que se encadran no eido da igualdade sitúanse no 3,9 %.


Táboa 8. Ámbito da nova

ÁMBITO DA NOVA

		FRECUENCIA	PORCENTAXE	PORCENTAXE VÁLIDA	PORCENTAXE ACUMULADA
VÁLIDO	CIENTÍFICO - TECNOLÓXICO	160	23,7	23,7	23,7
	XURÍDICO-SOCIAL	75	11,1	11,1	34,8
	ACTIVIDADES FÍSICAS E DEPORTIVAS	47	7,0	7,0	41,8
	EDUCACIÓN	36	5,3	5,3	47,1
	COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL E PUBLICIDADE	29	4,3	4,3	51,4
	HUMANIDADES. FILOLOXÍAS	51	7,5	7,6	59,0
	ARTE	49	7,2	7,3	66,2
	IGUALDADE	26	3,8	3,9	70,1
	OUTRAS	202	29,9	29,9	100,0

DO TOTAL	675	99,9	100,0
PERDIDOS SISTEMA	1	,1	
TOTAL	676	100,0	

Gráfico 9. Ámbito da nova



4.2.4. Contido da nova

Con respecto ao contido da nova, tal como podemos ver no gráfico 10, salientáse:


- Destacan as novas que informan sobre xornadas e congresos (25 %). Así, son moitas as novas que anuncian unha xornada ou un congreso de interese, ou que relatan unhas xornadas xa celebradas.
- Por baixo, sitúanse as novas que dan conta da difusión da investigación (19,5 %), onde se informa sobre proxectos de investigación en curso, teses de doutoramento et.
- A bastante distancia atópanse as novas que falan de actividades culturais que se celebran na universidade, da información institucional ou da formación.

Táboa 9. Contido da nova

CONTIDO DA NOVA

	FRECUENCIA	PORCENTAXE	PORCENTAXE VÁLIDA	PORCENTAXE ACUMULADA
VÁLIDO DEPORTE	26	3,8	3,8	3,8
XORNADAS E CONGRESOS	169	25,0	25,0	28,8
DIFUSIÓN INVESTIGACIÓN	132	19,5	19,5	48,4
XESTIÓN	7	1,0	1,0	49,4
ACTIVIDADES CULTURALS	97	14,3	14,3	63,8
FORMACIÓN	72	10,7	10,7	74,4
INFORMACIÓN INSTITUCIONAL	87	12,9	12,9	87,3
CLAUSTRO	2	,3	,3	87,6
CONSELLO DE GOBERNO	5	,7	,7	88,3
OUTRAS	79	11,7	11,7	100,0
TOTAL	676	100,0	100,0	

Gráfico 10. Contido da nova



4.2.5. Linguaxe empregada no título e no corpo do texto


Cómpre, agora, deterse no tipo de linguaxe empregada tanto no título como no corpo do texto das novas.

4.2.5.1. Linguaxe empregada no título

Como se pode observar nos seguintes gráficos (gráficos 11 e 12), a linguaxe inclusiva emprégase en maior medida nos títulos que no corpo do texto.

Case un 81 % de títulos analizados emprega unha linguaxe inclusiva; unha porcentaxe bastante elevada, que mostra que se presta atención ao seu uso. Non obstante, débese salientar que a análise dos títulos non inclúe os subtítulos; de incluírense estes últimos, a porcentaxe de inclusividade na linguaxe empregada diminuiría.

Gráfico 11. Tipo de linguaxe utilizada no título




4.2.5.2. Linguaxe empregada no texto

A porcentaxe anterior baixa de xeito considerable ao analizar a linguaxe empregada no texto da nova, pois dun 85 % descende a un 65 % a porcentaxe de novas que emprega linguaxe inclusiva no corpo do texto (gráfico 12).

Non obstante, tal como salientamos máis arriba, constátase un esforzo por usar unha linguaxe inclusiva ao informar das novas, aínda que o emprego do masculino como xenérico aínda se dá nunha porcentaxe do 35 %.

Gráfico 12. Tipo de linguaxe utilizada no texto



4.2.6. Análise das imaxes

A análise das fotografías que aparecen nas novas nos tres campus (táboa 10 e gráfico 13) ofrece un resultado claro que coincide cos datos recollidos por ano:

Os homes posúen unha presenza máis importante que as mulleres nas imaxes.

Así, aínda que os grupos mixtos teñen unha certa importancia (22,7 %), os grupos de homes e os homes individualmente concentran un 28,3 %.

Non obstante, a presenza de mulleres nas imaxes, considerando tanto as mulleres soas como os grupos de mulleres, só alcanza un 10,9 %.

A este respecto, o estudo *Gènere i informació* (Gallego, 1998) recollía datos aínda máis baixos da presenza de mulleres nas fotografías dos xornais de información xeral: as mulleres estaban representadas nun 8,8 %, mentres que os varóns aparecían nas imaxes nun 66,68 %; e os grupos mixtos representaban un 16,66 %.

A análise do Duvi presenta, por tanto, unhas mellores porcentaxes que o estudo indicado (Gallego, 1998), sobre todo con respecto á representación dos grupos mixtos, aínda que está claro que a visibilidade das mulleres nas imaxes é máis baixa que a dos varóns.

É de salientar que nin a estrutura do Duvi, nin os seus contidos, nin a súa función coinciden coas da prensa xeneralista, polo que a comparación é unicamente indicativa.


No caso que nos ocupa, a maior visibilidade dos varóns nas imaxes das novas relaciónase cunha maior presenza masculina no protagonismo das novas.

Táboa 10. Análise da imaxe

ANÁLISE DA IMAXE

	FRECUENCIA	PORCENTAXE	PORCENTAXE VÁLIDA	PORCENTAXE ACUMULADA
VÁLIDO HOME	77	11,4	11,4	11,4
MULLER	36	5,3	5,3	16,7
HOME E MULLER	22	3,3	3,3	20,0
GRUPO MIXTO	154	22,8	22,8	42,8
GRUPO MIXTO MAIORÍA MULLERES	66	9,8	9,8	52,6
GRUPO MIXTO MAIORÍA HOMES	88	13,0	13,0	65,6
GRUPO MULLERES	38	5,6	5,6	71,3
GRUPO HOMES	114	16,9	16,9	88,1
OUTRAS	80	11,8	11,9	100,0
DO TOTAL	675	99,9	100,0	
PERDIDOS SISTEMA	1	,1		
TOTAL	676	100,0		

Gráfico 13. Análise da imaxe



4.2.7. Aparece ou non o nome da persoa protagonista


Como se pode ver no gráfico 14, case nun 94 % de novas aparece o nome da persoa protagonista, polo que se poden distinguir a presenza masculina e a feminina no contido das novas.

Táboa 11. Aparece ou non o nome da persoa protagonista

APARECE OU NON O NOME DA PERSOA PROTAGONISTA

	FRECUENCIA	PORCENTAXE	PORCENTAXE VÁLIDA	PORCENTAXE ACUMULADA
VÁLIDO NON	41	6,1	6,1	6,1
SI	635	93,9	93,9	100,0
TOTAL	676	100,0	100,0	

Gráfico 14. Aparece ou non o nome da persoa protagonista



4.2.8. Sexo da persoa protagonista

Ao deternos no sexo da persoa que protagoniza a nova (táboa 12 e gráfico 15), xorden resultados relevantes desde unha perspectiva de xénero, que coinciden de xeito notable coa análise da imaxe da nova recollida xusto enriba.

Dous resultados destacan neste eido:

O protagonismo importante do grupo mixto, que concentra case o 36 % de novas.

O protagonismo dos homes sós e dos grupos de homes, que xuntos protagonizan o 43,6 % de novas, constitúe unha porcentaxe moi elevada, se temos en conta que as mulleres e os grupos de mulleres só protagonizan o 18,1 % de novas.

²Como sinalan Bach et al. (2000:39) a falla na identificación correcta de mulleres é xeral en moitos medios de comunicación. Nalgunhas ocasións son identificadas con nome e apelidos, pero con moita máis frecuencia se lles cita con nomes de pila, coas iniciais ou aparecen como persoas anónimas. Como continúan as autoras, non identificar correctamente ás persoas non é só unha falla de rigor xornalístico, senon que revela o punto de vista e ata a consideración que se ten daquela persoa. A falla de identificación das mulleres significa, ademais desconsideración, irrelevancia e exceso de familiaridade.

	% DO TOTAL	35,0 %	12,3 %	11,1 %	2,1 %	9,9 %	70,4 %
TOTAL	RECONTO	89	30	29	8	87	243
	% DE APARECE OU NON O NOME DA PERSONA PROTAGONISTA	36,6 %	12,3 %	11,9 %	3,3 %	35,8 %	100,0 %
	% DE PROTAGONISTA(S) DA NOVA	100,0 %	100,0 %	100,0 %	100,0 %	100,0 %	100,0 %
	% DO TOTAL	36,6 %	12,3 %	11,9 %	3,3 %	35,8 %	100,0 %

Gráfico 37. Aparece ou non o nome da persoa protagonista- protagonista da nova



5.3. 2. Contido da nova e análise da imaxe

Como xa se sinalou anteriormente, a difusión da investigación é o contido que maior presenza posúe nas portadas analizadas.

Neste tipo de novas destacan as fotografías individuais de homes e mulleres, ás que tamén se suma a importancia dos grupos de homes, seguidos polos grupos de mulleres.

En segundo lugar, outro dos contidos que maior presenza ten nas informacións de portada é o das novas que fan referencia á información institucional. Neste caso, detéctase unha maior presenza de varóns que de mulleres. Por unha banda, as fotografías que acompañan a este tipo de novas reflicten nun 35,8 % grupos mixtos; por outra, o peso dos grupos mixtos con maioría de homes (19,4 %) é moi superior ao das fotografías que mostran grupos mixtos con maioría de mulleres (3 %).

É relevante o feito de que este tipo de novas teña un 20,9 % de imaxes de grupos de homes, mentres que os grupos de mulleres só ocupan o 7,5 % das imaxes nestas novas. En definitiva, no caso da información institucional existe unha infrarrepresentación das mulleres nas fotografías

Por outra banda, os datos extraídos das novas sobre formación e innovación achegan uns resultados máis equilibrados na presenza de homes e mulleres nas fotografías. As novas de xornadas e congresos soen vir acompañadas de imaxes de grupos mixtos (27 %), aínda que novamente os grupos mixtos con maioría de homes posúen unha maior presenza que os grupos mixtos con maioría de mulleres.

Táboa 36. Contido da nova-análise da imaxe

ANÁLISE DA IMAXE - CONTIDO DA NOVA


		CONTIDO DA NOVA						TOTAL
		DEPORTE	XORNADAS E CONGRESOS	DIFUSIÓN INVESTIGACIÓN. TESES E PROXECTOS	ACTIVIDADES CULTURAIS	FORMACIÓN E INNOVACIÓN	INFORMACIÓN INSTITUCIONAL. CLAUSTRO E CONSELLO DE GOBERNO	
ANÁLISE HOME	RECONTO	0	0	11	1	2	3	17

DA	% DE								
IMAXE	ANÁLISE DA	0,0 %	0,0 %	64,7 %	5,9 %	11,8 %	17,6 %	100,0 %	
	IMAXE								
	% DE								
	CONTIDO	0,0 %	0,0 %	15,3 %	4,2 %	5,0 %	4,5 %	6,9 %	
	DA NOVA								
	% DO								
	TOTAL	0,0 %	0,0 %	4,4 %	0,4 %	0,8 %	1,2 %	6,9 %	
<hr/>									
MULLER	RECONTO	0	1	11	2	3	0	17	
	% DE								
	ANÁLISE DA	0,0 %	5,9 %	64,7 %	11,8 %	17,6 %	0,0 %	100,0 %	
	IMAXE								
	% DE								
	CONTIDO	0,0 %	2,7 %	15,3 %	8,3 %	7,5 %	0,0 %	6,9 %	
	DA NOVA								
	% DO								
	TOTAL	0,0 %	0,4 %	4,4 %	0,8 %	1,2 %	0,0 %	6,9 %	
<hr/>									
HOME E	RECONTO	0	1	1	2	1	2	7	
MULLER	% DE								
	ANÁLISE DA	0,0 %	14,3 %	14,3 %	28,6 %	14,3 %	28,6 %	100,0 %	
	IMAXE								
	% DE								
	CONTIDO	0,0 %	2,7 %	1,4 %	8,3 %	2,5 %	3,0 %	2,8 %	
	DA NOVA								
	% DO								
	TOTAL	0,0 %	0,4 %	0,4 %	0,8 %	0,4 %	0,8 %	2,8 %	
<hr/>									
GRUPO	RECONTO	2	10	2	6	6	24	50	
MIXTO	% DE								
	ANÁLISE DA	4,0 %	20,0 %	4,0 %	12,0 %	12,0 %	48,0 %	100,0 %	
	IMAXE								

	% DE CONTIDO DA NOVA	25,0 %	27,0 %	2,8 %	25,0 %	15,0 %	35,8 %	20,2 %
	% DO TOTAL	0,8 %	4,0 %	0,8 %	2,4 %	2,4 %	9,7 %	20,2 %
GRUPO MIXTO MAIORÍ A MULLER ES	RECONTO	0	3	1	0	5	2	11
	% DE ANÁLISE DA IMAXE	0,0 %	27,3 %	9,1 %	0,0 %	45,5 %	18,2 %	100,0 %
	% DE CONTIDO DA NOVA	0,0 %	8,1 %	1,4 %	0,0 %	12,5 %	3,0 %	4,4 %
	% DO TOTAL	0,0 %	1,2 %	0,4 %	0,0 %	2,0 %	0,8 %	4,4 %
GRUPO MIXTO MAIORÍ A HOMES	RECONTO	2	10	7	3	4	13	39
	% DE ANÁLISE DA IMAXE	5,1 %	25,6 %	17,9 %	7,7 %	10,3 %	33,3 %	100,0 %
	% DE CONTIDO DA NOVA	25,0 %	27,0 %	9,7 %	12,5 %	10,0 %	19,4 %	15,7 %
	% DO TOTAL	0,8 %	4,0 %	2,8 %	1,2 %	1,6 %	5,2 %	15,7 %
GRUPO MULLER ES	RECONTO	0	1	5	2	3	5	16
	% DE ANÁLISE DA IMAXE	0,0 %	6,3 %	31,3 %	12,5 %	18,8 %	31,3 %	100,0 %
	% DE CONTIDO DA NOVA	0,0 %	2,7 %	6,9 %	8,3 %	7,5 %	7,5 %	6,5 %
	% DO TOTAL	0,0 %	0,4 %	2,0 %	0,8 %	1,2 %	2,0 %	6,5 %

GRUPO HOMES	RECONTO	3	4	16	0	7	14	44
	% DE ANÁLISE DA IMAXE	6,8 %	9,1 %	36,4 %	0,0 %	15,9 %	31,8 %	100,0 %
	% DE CONTIDO DA NOVA	37,5 %	10,8 %	22,2 %	0,0 %	17,5 %	20,9 %	17,7 %
	% DO TOTAL	1,2 %	1,6 %	6,5 %	0,0 %	2,8 %	5,6 %	17,7 %
OBXECT OS	RECONTO	1	7	18	8	9	4	47
	% DE ANÁLISE DA IMAXE	2,1 %	14,9 %	38,3 %	17,0 %	19,1 %	8,5 %	100,0 %
	% DE CONTIDO DA NOVA	12,5 %	18,9 %	25,0 %	33,3 %	22,5 %	6,0 %	19,0 %
	% DO TOTAL	0,4 %	2,8 %	7,3 %	3,2 %	3,6 %	1,6 %	19,0 %
TOTAL	RECONTO	8	37	72	24	40	67	248
	% DE ANÁLISE DA IMAXE	3,2 %	14,9 %	29,0 %	9,7 %	16,1 %	27,0 %	100,0 %
	% DE CONTIDO DA NOVA	100,0 %	100,0 %	100,0 %	100,0 %	100,0 %	100,0 %	100,0 %
	% DO TOTAL	3,2 %	14,9 %	29,0 %	9,7 %	16,1 %	27,0 %	100,0 %

Gráfico 38. Contido da nova- análise da imaxe



5.3.3. Campus e protagonista da nova

A análise conxunta de Campus e protagonista da nova revela algunhas diferenzas importantes.

Como xa se sinalou anteriormente, o Campus de Vigo é o que maior peso ten nas portadas analizadas; un Campus onde o protagonismo masculino (de homes e de grupos de homes) é máis relevante que nos outros dous Campus.

Nos Campus de Pontevedra e Ourense, a presenza de mulleres é porcentualmente maior que no caso do Campus de Vigo.


Táboa 37. Campus e protagonista da nova

CAMPUS - PROTAGONISTA(S) DA NOVA

			PROTAGONISTA(S) DA NOVA					TOTAL
			HOME	MULLER	GRUPO HOMES	GRUPO MULLERES	GRUPO MIXTO	
CAMPUS VIGOS	RECONTO		67	19	23	6	62	177
	% DE CAMPUS		37,9 %	10,7 %	13,0 %	3,4 %	35,0 %	100,0 %
	% DE PROTAGONISTA(S) DA NOVA		77,0 %	63,3 %	79,3 %	75,0 %	72,1 %	73,8 %
	% DO TOTAL		27,9 %	7,9 %	9,6 %	2,5 %	25,8 %	73,8 %
PONTEVEDRA	RECONTO		9	5	4	1	5	24
	% DE CAMPUS		37,5 %	20,8 %	16,7 %	4,2 %	20,8 %	100,0 %
	% DE PROTAGONISTA(S) DA NOVA		10,3 %	16,7 %	13,8 %	12,5 %	5,8 %	10,0 %
	% DO TOTAL		3,8 %	2,1 %	1,7 %	0,4 %	2,1 %	10,0 %
OURENSE	RECONTO		11	6	2	1	19	39
	% DE CAMPUS		28,2 %	15,4 %	5,1 %	2,6 %	48,7 %	100,0 %
	% DE PROTAGONISTA(S) DA NOVA		12,6 %	20,0 %	6,9 %	12,5 %	22,1 %	16,3 %
	% DO TOTAL		4,6 %	2,5 %	0,8 %	0,4 %	7,9 %	16,3 %
TOTAL	RECONTO		87	30	29	8	86	240
	% DE CAMPUS		36,3 %	12,5 %	12,1 %	3,3 %	35,8 %	100,0 %

% DE PROTAGONISTA(S) DA NOVA	100,0 %	100,0 %	100,0 %	100,0 %	100,0 %	100,0 %
% DO TOTAL	36,3 %	12,5 %	12,1 %	3,3 %	35,8 %	100,0 %

Gráfico 39. Campus e protagonista da nova



5.3. 4. Campus e ámbito da nova

Se poñemos en relación estas dúas variables, podemos detectar, en primeiro lugar, o importante peso do ámbito científico- tecnolóxico no Campus de Vigo.

O 67,8 % das novas referidas a este campus están protagonizadas polas relacionadas co ámbito científico- tecnolóxico, quedando os ámbitos xurídico- social e de humanidades e filoloxías moi por detrás, ao redor do 14 % e o 12 % respectivamente.

No Campus de Pontevedra destaca o peso do ámbito xurídico- social (60 %) e, en menor medida, da arte (20 %), sendo moi baixa a porcentaxe do ámbito científico- tecnolóxico.


Por último, no Campus de Ourense é onde existe un maior equilibrio entre os diferentes ámbitos de coñecemento. Así, é importante o peso do ámbito científico- tecnolóxico (38,2 %), pero tamén do xurídico- social (32,4 %), e das humanidades e filoloxías (20,6 %), quedando por detrás o ámbito da arte.

Táboa 38. Campus e ámbito da nova

CAMPUS - ÁMBITO DA NOVA

		ÁMBITO DA NOVA				TOTAL
		CIENTÍFICO - TECNOLÓXICO	XURÍDICO- SOCIAL	HUMANIDADES . FILOLOXÍAS	ARTE	
CAMPUS VIGOS	RECONTO	97	21	18	7	143
	% DE CAMPUS	67,8 %	14,7 %	12,6 %	4,9 %	100,0 %
	% DE ÁMBITO DA NOVA	85,8 %	47,7 %	69,2 %	50,0 %	72,6 %
	% DO TOTAL	49,2 %	10,7 %	9,1 %	3,6 %	72,6 %
PONTEVE DRA	RECONTO	3	12	1	4	20
	% DE CAMPUS	15,0 %	60,0 %	5,0 %	20,0 %	100,0 %
	% DE ÁMBITO DA NOVA	2,7 %	27,3 %	3,8 %	28,6 %	10,2 %
	% DO TOTAL	1,5 %	6,1 %	0,5 %	2,0 %	10,2 %
OURENSE	RECONTO	13	11	7	3	34
	% DE CAMPUS	38,2 %	32,4 %	20,6 %	8,8 %	100,0 %
	% DE ÁMBITO DA NOVA	11,5 %	25,0 %	26,9 %	21,4 %	17,3 %
	% DO TOTAL	6,6 %	5,6 %	3,6 %	1,5 %	17,3 %
TOTAL	RECONTO	113	44	26	14	197
	% DE CAMPUS	57,4 %	22,3 %	13,2 %	7,1 %	100,0 %
	% DE ÁMBITO DA NOVA	100,0 %	100,0 %	100,0 %	100,0 %	100,0 %
	% DO TOTAL	57,4 %	22,3 %	13,2 %	7,1 %	100,0 %

Gráfico 40. Campus e ámbito da nova



5.3. 5. Contido da nova e ámbito da nova

Como sabemos, o ámbito científico- tecnolóxico é o que ten un maior peso nas novas analizadas; un ámbito que se asocia principalmente, e moi por riba doutros ámbitos, con contidos de difusión da investigación (46,4 %) e con formación e innovación (21,4 %).

En segundo lugar, o ámbito en importancia é o xurídico-social, un ámbito no que tamén se destaca a difusión da investigación, aínda que en menor medida (25 %), seguido de preto polas xornadas e congresos.

En terceiro lugar, o ámbito de humanidades e filoloxías, volve destacar en primeiro lugar os contidos de difusión de investigación (28 %), seguido das xornadas e congresos. Por último, a arte ten un comportamento claramente diferencial, xa que a ampla maioría das novas aparece asociada a actividades culturais (92,9 %), dada a especificidade deste campo.


Táboa 39. Ámbito da nova e contido da nova

CONTIDO DA NOVA - ÁMBITO DA NOVA

			ÁMBITO DA NOVA				TOTAL
			CIENTÍFICO - TECNOLÓXICO	XURÍDICO- SOCIAL	HUMANIDADES . FILOLOXÍAS	ARTE	
CONTIDO DA NOVA	DEPORTE	RECONTO	0	8	0	0	8
		% DE CONTIDO DA NOVA	0,0 %	100,0 %	0,0 %	0,0 %	100,0 %
		% DE ÁMBITO DA NOVA	0,0 %	18,2 %	0,0 %	0,0 %	4,1 %
		% DO TOTAL	0,0 %	4,1 %	0,0 %	0,0 %	4,1 %
XORNADAS E CONGRESOS		RECONTO	19	10	5	0	34
		% DE CONTIDO DA NOVA	55,9 %	29,4 %	14,7 %	0,0 %	100,0 %
		% DE ÁMBITO DA NOVA	17,0 %	22,7 %	20,0 %	0,0 %	17,4 %
		% DO TOTAL	9,7 %	5,1 %	2,6 %	0,0 %	17,4 %
DIFUSIÓN INVESTIGACIÓ N. TESES E PROXECTOS		RECONTO	52	11	7	1	71
		% DE CONTIDO DA NOVA	73,2 %	15,5 %	9,9 %	1,4 %	100,0 %
		% DE ÁMBITO DA NOVA	46,4 %	25,0 %	28,0 %	7,1 %	36,4 %
		% DO TOTAL	26,7 %	5,6 %	3,6 %	0,5 %	36,4 %
ACTIVIDADES CULTURAIS		RECONTO	1	4	5	13	23
		% DE CONTIDO DA NOVA	4,3 %	17,4 %	21,7 %	56,5 %	100,0 %
		% DE ÁMBITO DA NOVA	0,9 %	9,1 %	20,0 %	92,9 %	11,8 %

	% DO TOTAL	0,5 %	2,1 %	2,6 %	6,7 %	11,8 %
FORMACIÓN E INNOVACIÓN	RECONTO	24	5	4	0	33
	% DE CONTIDO DA NOVA	72,7 %	15,2 %	12,1 %	0,0 %	100,0 %
	% DE ÁMBITO DA NOVA	21,4 %	11,4 %	16,0 %	0,0 %	16,9 %
	% DO TOTAL	12,3 %	2,6 %	2,1 %	0,0 %	16,9 %
INFORMACIÓN INSTITUCIONAL. CLAUSTRO E CONSELLO DE GOBERNO	RECONTO	16	6	4	0	26
	% DE CONTIDO DA NOVA	61,5 %	23,1 %	15,4 %	0,0 %	100,0 %
	% DE ÁMBITO DA NOVA	14,3 %	13,6 %	16,0 %	0,0 %	13,3 %
	% DO TOTAL	8,2 %	3,1 %	2,1 %	0,0 %	13,3 %
TOTAL	RECONTO	112	44	25	14	195
	% DE CONTIDO DA NOVA	57,4 %	22,6 %	12,8 %	7,2 %	100,0 %
	% DE ÁMBITO DA NOVA	100,0 %	100,0 %	100,0 %	100,0 %	100,0 %
	% DO TOTAL	57,4 %	22,6 %	12,8 %	7,2 %	100,0 %

Gráfico 41. Ámbito da nova e contido da nova



6. CONCLUSIONES

A través dos resultados expostos, pódese observar a imaxe que transmite a Universidade de Vigo, externa e internamente, a través do Duvi, posto que é a primeira imaxe e contido que aparecen cando se accede á web da institución (imaxe externa) e o medio máis acaído para que a comunidade universitaria consulte de maneira rápida o máis relevante que está a acontecer nos diferentes campus (imaxe interna).

Antes de continuar, queremos facer nosas as consideracións de Bach *et al.* (2000) no sentido de que as persoas que traballan no Duvi non posúen unha autonomía absoluta e que debe ser a propia institución universitaria a que promova melloras no eido da igualdade que, sen dúbida, terán o seu reflexo no Duvi:

Sabemos también que las posibilidades de cambio en el contenido de los medios no son un asunto individual de cada profesional. Los medios son poderosas instituciones insertadas en un contexto social y político determinado y, por tanto, resultaría pueril e ingenuo no tener en cuenta las limitadas posibilidades de acción de cada periodista en particular. Como en cualquier organización social compleja, hay distintas fases y funciones en las que están implicadas de una manera diversa una larga cadena de personas que hacen posible la producción mensaxe periodístico. Existen unas condiciones laborales, unos horarios, una distribución tiempo y el espacio, unos hábitos, unos valores y unas creencias, unos formatos, unas convenciones etc., que condicionan el contexto en que opera la profesión periodística. Pero si observamos y sabemos que cada profesional aporta su grano de arena, también podremos ver que cada persona tiene su cuota de responsabilidad individual en lo que hace.

En primeiro lugar, farase referencia a diversos aspectos xerais da citada imaxe, en segundo lugar tratarase da presenza de mulleres e homes, relacionarase coa imaxe que se transmite da Universidade de Vigo e, finalmente, faranse algunhas consideracións e propostas de mellora que se basean no I Plan de igualdade da Universidade de Vigo (2012-2014).

6.1. ASPECTOS XERAIS DA IMAXE INTERNA DA UNIVERSIDADE DE VIGO

- Protagonismo maioritario do Campus de Vigo, seguido de Ourense e Pontevedra.
- En canto ao ámbito das novas, hai un claro predominio do ámbito científico-tecnolóxico. Detéctase un aumento das referidas a actividades físico-deportivas, humanidades e filoloxías. Pola contra, hai un descenso nas referidas ao ámbito xurídico-social. As novas referentes a igualdade aumentaron gradualmente e as referidas, de maneira explícita, a educación non chegan ao 6 %. Por outra banda, as novas clasificadas como «outras» foron aumentando de xeito notable ao longo dos anos analizados. Son novas de difícil clasificación, que saen dos ámbitos académicos estritos, como poden ser as que informan da celebración de concertos, festivais, datas sinaladas, actividades de lecer ou, por exemplo, novas sobre campañas de prevención da saúde nas facultades.
- No referente a contidos das novas, as que se refiren a xornadas e congresos superan nos tres anos o 20 %. Aumentaron notablemente no ano 2014 as que informan sobre

difusión da investigación e tamén o fixeron as referidas a formación, que pasan dun 9,9 % a un 14,2 %.

- Con respecto ao cargo da persoa protagonista da nova, hai que salientar a elevada porcentaxe de casos nos que non aparece especificado o cargo da persoa. Cando se especifica o cargo, o reitor e o conxunto das diferentes persoas vicerreitoras son as máis nomeadas, seguidas de decanos, decanas e de cargos empresariais. Estes dous últimos colectivos aparecen na mesma proporción.
- Cando se cruza o campus co ámbito da nova, é de salientar (apartado 5.5) que no Campus de Vigo destacan as novas científico-tecnolóxicas (38,7 %) e «outras». No Campus de Pontevedra destacan as novas sobre arte e comunicación audiovisual e publicidade. No Campus de Ourense destacan «outras» novas e as dos ámbitos xurídico-social e científico-tecnolóxico.
- Ao cruzar o ámbito da nova co contido da nova (véxase o apartado 6.6) móstranse resultados que semellan de moita importancia para o conxunto da institución, pois reflicten os aspectos máis e menos relevantes de cada un dos ámbitos establecidos neste informe, que poden orientar de cara a establecer accións para o futuro.

6.2. ASPECTOS REFERENTES Á ANÁLISE DE RESULTADOS DESDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

Deseguido, faise un resumo dos resultados máis relevantes ao analizar os datos desde unha perspectiva de xénero, subliñando puntos fortes e débiles.

a) Puntos fortes

- Concluímolos que a presenza de mulleres no Duvi, tanto como protagonistas das novas como nas fotografías que aparecen no diario, é superior á presenza de mulleres que outras investigacións previas no contexto español teñen analizado para a prensa de ámbito xeral. Por exemplo, as mulleres e os grupos de mulleres protagonistas das novas ascenden no caso do Duvi ao 18,1 %, unha porcentaxe superior ao 11,8 % manexado en estudos estatais da prensa xeral (Gallego, 1998), aínda que debemos salientar que non existen, ou non están dispoñibles, estudos máis recentes.
- A través dos datos analizados púidose comprobar que as novas que se refiren ao ámbito da igualdade se foron incrementando desde o ano 2012 ata o 2014. En concreto, neste último ano as novas sobre igualdade situáronse no 4,9 %. Neste destacan en primeiro lugar as actividades culturais cun 34,6 %, seguidas de xornadas e congresos cun 26,9 %, difusión da investigación cun 23,1 %, información institucional cun 11,5 % e formación cun 3,8 %.
- A directora e o equipo de redacción do Duvi preocúpanse por buscar as novas referentes á igualdade, tanto no referente a actividades como á difusión da investigación.

- Respecto ao uso dunha linguaxe inclusiva, detéctase un intento loable e progresivo ao longo dos tres anos analizados de usar unha linguaxe inclusiva, sobre todo nos títulos das novas (81 %). No caso do texto da nova, detéctase igualmente o intento indicado pero con menor fortuna (65 %).
- Noutra orde de cousas, na maioría de novas aparece o nome da persoa protagonista, independentemente de que sexa home ou muller.
- Nas novas referidas ao Campus de Ourense obsérvase unha maior presenza de mulleres.
- As novas referidas á formación mostran unha maior presenza feminina (38,3 % de mulleres e 24,2 % de homes).
- Avanzou levemente a porcentaxe de fotografías onde aparecen grupos de mulleres, que no ano 2014 é do 6,2 %.
- Existe unha presenza importante de grupos mixtos en todas as categorías analizadas.

b) Puntos débiles

Unha vez dito o que antecede, cómpre manifestar os puntos débiles detectados:

- Un feito preocupante é a distancia no protagonismo nas novas e nas imaxes nas que aparecen mulleres con respecto ás novas nas que os varóns son os protagonistas. Así, as novas que se dedican á difusión da investigación están protagonizadas principalmente por homes e grupos de homes; ambos os grupos concentran máis do 50 % das citadas novas. Os grupos mixtos tamén teñen un protagonismo relevante neste tipo de novas. Non obstante, as mulleres soas e os grupos de mulleres suman só o 25,8 % como protagonistas.

Desde unha perspectiva de xénero esta é unha diferenza moi relevante, xa que tanto os datos de 2012 como de 2013 mostran que na Universidade de Vigo o número de mulleres en grupos de investigación supera o 40 %. Certamente, a porcentaxe é baixa se temos en conta a persoa investigadora principal, ámbito no que as mulleres se sitúan ao redor do 34 % en ambos os anos. En calquera caso, tendo en conta estes datos, parece claro que a difusión da investigación das mulleres está infrarrepresentada. Sería preciso buscar as causas desta situación, por exemplo, sería de utilidade indagar acerca de se as mulleres se ocupan menos de mostrar publicamente as súas investigacións.

- Estes resultados gardan relación coas imaxes das persoas que protagonizan as novas. Constátase unha visibilidade importante dos varóns nas fotografías das novas, mentres que as mulleres soas apenas aparecen nas imaxes. As novas analizadas mostran unha presenza maior de fotografías nas que aparece un home como protagonista. Así, en 2014 un 11,4 % de novas tiña unha fotografía de home protagonista, mentres que só un 5,3 % de imaxes contaba coa presenza dunha muller protagonista.
- Existe un protagonismo salientable do grupo mixto, que concentra case o 36 % das novas, mais o protagonismo dos homes sós e dos grupos de homes acada o 43,6 % das

novas; unha porcentaxe moi elevada, se temos en conta que as mulleres e os grupos de mulleres só protagonizan o 18,1 % das novas.

Esta distancia porcentual é moi importante, e quizais sexa un dos eidos da presente análise onde exista unha maior desigualdade de xénero. É importante subliñar que este 18,1 % de protagonismo feminino nas novas é maior que a porcentaxe de mulleres soas ou grupos de mulleres que aparecen nas imaxes, que se sitúa no 10,9%.

É dicir, conséntase unha infrarrepresentación das mulleres nas fotografías con respecto ao seu protagonismo nas novas. Este dato sorprende, xa que investigacións anteriores como a pioneira do Instituto da Muller (Fagoaga e Secanella, 1984) proporcionan un resultado contrario: a «cota de presenza» fai que a muller destaque máis como persoa fotografada nunha peza xornalística que como persoa noticiable. A nosa investigación, non obstante, mostra que no Duvi é maior o protagonismo das mulleres nas novas que nas fotografías.

Estes resultados volven mostrar a gran visibilidade que posúen os homes nos medios. A este respecto, hai que ter en conta que o Duvi informa, non só de novas da institución, senón de diferentes acontecementos que teñen que ver tamén cos ámbitos político e económico de Galicia, ámbitos onde a maior presenza de varóns segue a ser o habitual. Non obstante, as mulleres foron e seguen incorporándose a eses ámbitos e, como consecuencia disto, incrementouse e diversificouse a súa aparición nos medios; aínda que, como recollen Bach *et al.* (2000), está lonxe o día no que estean presentes en termos de paridade.

Por outra banda, os resultados recollidos acerca das novas referentes a información institucional (órganos de goberno, colaboración con outras institucións, celebracións institucionais...) e os deportes dan unhas cifras que presentan ~~en~~ enormes diferenzas: no primeiro caso, o protagonismo das mulleres é do 7,9%, mentres os homes se sitúanse no 57,4%; nas novas sobre deportes, a presenza de mulleres (soas ou en grupo) só alcanza o 3,8%. A énfase ponse no fútbol masculino.

- Polo que respecta ao uso da linguaxe inclusiva, no caso do texto das novas, dá como resultado que no 35 % as aínda se emprega o masculino como xenérico.

6.3. CONCLUSIÓNS DESDE UN MARCO COMPARATIVO. AS PORTADAS FRONTE AO RESTO DE NOVAS

No que segue, compararemos os resultados obtidos na análise das portadas do Duvi cos acadados nunha investigación previa (da que nos ocupamos no apartado anterior), na que se analizaron os contidos xerais das novas do interior do Duvi (a primeira nova da hemeroteca, que corresponde á última nova recibida diariamente). Esta análise comparativa permitirá detectar se os contidos que se presentan nas portadas posúen algunhas particularidades ou seguen as mesmas pautas que o conxunto das novas analizado durante o mesmo período: os anos 2012, 2013 e 2014.

De xeito xeral, podemos dicir que os resultados globais mostran unha tendencia bastante semellante, aínda que a análise en exclusiva das portadas posúe certas especificidades que pasamos a relatar a continuación.

6.3.1. Os resultados globais desde unha ollada comparada

Comezaremos analizando os resultados globais de ambas as investigacións, para pasar despois a analizar os cruces entre diferentes variables.

En primeiro lugar, no que respecta ao **campus protagonista da nova**, hai que subliñar que en ambas as investigacións o Campus de Vigo é o que maior porcentaxe de novas ofrece, pero esta porcentaxe é moito máis elevada no caso da análise das portadas, chegando ata o 72,7 %, superando con moito o 43,9 % do interior do Duvi. En ambos os casos, atopamos o Campus de Ourense (15,4 % nas portadas fronte ao 29,6 % no conxunto de novas) e por último as novas que fan referencia ao Campus de Pontevedra (9,9 % nas portadas fronte ao 25,5 %). En síntese, no conxunto das novas existe unha representación máis equilibrada dos Campus, atopándose nas portadas unha sobrerrepresentación do Campus de Vigo.

En segundo lugar, con respecto ao ámbito da nova, en ambas as análises, o eido da **igualdade** non chega ao 10%, aínda que na análise das portadas a súa presenza é maior ca no caso das novas do conxunto do Duvi, o cal é un aspecto positivo a destacar. Así, ao redor dun 6,3 % das novas de portada fai referencia á igualdade entre mulleres e homes, fronte ao 3,9 % do contido de páxinas interiores.

En terceiro lugar, en canto ao **ámbito de coñecemento**, as semellanzas en ambas as investigacións son claras. A orde de importancia é a mesma nas dúas análises: en primeiro lugar sitúase o ámbito científico- tecnolóxico, ámbito que máis novas protagoniza, seguido do ámbito xurídico- social, despois vén o ámbito das filoloxías e humanidades e xa, por último, aparece o ámbito das artes. Como acabamos de dicir, se ben a orde é a mesma, as porcentaxes varían en certa medida, sendo aínda máis importante comparativamente o ámbito científico- tecnolóxico no caso das portadas do Duvi

Por outra banda, con respecto ao **contido da nova**, detéctanse certas diferenzas relevantes. Nas novas de portada existe unha maior presenza da difusión da investigación, e sobre todo da información institucional. Así, na análise das portadas destaca en primeiro lugar a difusión da investigación (28,5 %), que na análise xeral das novas quedan, sen embargo, en segundo lugar (19,5%), despois das novas que informan sobre

congresos e xornadas. Como dixemos, na análise das portadas destaca, en segundo lugar, a información institucional (26,5 %), que na análise xeral das novas só afecta ao 12,9 % das novas. O resto de contidos mostran un comportamento semellante en ambas as análises.

En canto á **análise da imaxe**, tanto nas portadas como no resto das novas analizadas, os resultados acadados son semellantes en liñas xerais: a presenza de homes é superior á de mulleres e o grupo mixto conta cunha presenza importante nas novas. Así, en ambos os casos, as fotografías relativas ao grupo mixto andan ao redor do 20 %.

Por outra banda, as fotografías onde o protagonista é un home, un grupo de homes ou grupos mixtos onde a maioría é de homes, están ao redor do 41 %, tanto no nivel xeral como na análise das portadas. Neste senso, o resultado é claro: tanto se analizamos as novas ao azar, como se estudamos só as portadas, as fotografías de varóns son moito máis habituais que as de mulleres; xa que as mulleres soas, grupos de mulleres e os grupos mixtos con maioría de mulleres só alcanzan o 17,3 %, no caso das portadas, e o 20,8% no caso das novas no seu conxunto.

En calquera caso, a diferenza porcentual é clara e amosa que se debe seguir fomentando a visibilidade da imaxe das mulleres neste medio de comunicación.

Ao examinar a **persoa protagonista da nova** detéctanse grandes semellanzas en ambas as investigacións. Coma no caso das imaxes, existen dous grandes protagonistas: os varóns e os grupos mixtos. Se analizamos os datos dun xeito agregado, os homes e os grupos de homes protagonizan ao redor do 47 % de novas, tanto nas portadas como nas novas en xeral.

Este dato é moi revelador e vai ligado a anterior análise da imaxe das novas. En definitiva, fala da necesidade de incrementar a presenza das mulleres tanto dun xeito individual como en grupo.

A continuación, faremos unha análise **da linguaxe empregada nos títulos** das novas. Se comparamos as portadas e as novas en xeral, os datos son case idénticos.

Así, o uso da linguaxe inclusiva no título é xeneralizada; ao redor do 80 % dos títulos emprega unha linguaxe inclusiva, o que informa de que se presta atención ao seu uso, o cal é un aspecto positivo a destacar.

Sen embargo, estas porcentaxes baixan de xeito salientable cando se analiza a linguaxe empregada no corpo do texto, tanto nas portadas como no resto das novas. Así, a linguaxe empregada no texto é androcéntrica no 53,4 % das novas de portada, e tamén o

é no 35% do resto de novas. Estes resultados indican a necesidade de mellorar e de incrementar o esforzo no uso da linguaxe inclusiva no corpo do texto.

En referencia ao **cargo que ten a persoa protagonista**, tanto nas portadas como no resto das novas, é habitual que non apareza o cargo da persoa protagonista. Sen embargo, cando aparece, destaca o cargo de reitor, sendo maior o seu peso nas portadas (10,7 %), que no conxunto das novas (5,6 %), seguido en ambos casos doutras persoas vicerreitoras; sen embargo, as mencións a persoas decanas ou vicedecanas son moi escasas en ambos os casos.

6.3.2. Os cruces de variables desde unha ollada comparada

A continuación, analizaranse os cruces de diferentes variables, tanto no caso das novas de portada como no resto de novas analizadas con anterioridade.

A primeira relación que imos analizar é se **aparece ou non o nome da persoa protagonista respecto á persoa protagonista da nova**. Os resultados acadados son semellantes na análise, tanto no caso das portadas como no das novas en xeral.

Así, na maioría de novas, cando a protagonista é unha persoa individual, aparece ben identificada co seu nome.

Sen embargo, en ambas as análises, se detecta que nos grupos mixtos e nos grupos de mulleres a identificación é bastante menor; sobre todo, no caso das portadas. Por exemplo, nos grupos de mulleres nas portadas, estas non aparecen ben identificadas nun 37,5 %.

Isto indica a necesidade de identificar ás mulleres, un problema que se ten recollido tamén noutras investigacións sobre medios de comunicación (Bach et al., 2000:39).

O segundo cruce é o do **contido da nova coa análise da imaxe**. De novo, a tendencia é semellante, tanto nas portadas como nas novas en xeral, aínda que con certos matices. Como xa se sinalou anteriormente, nas portadas do Duvi, a difusión da investigación é o contido máis importante, e a presenza de fotografías individuais de homes e mulleres é parella; sen embargo, no anterior informe referido ás páxinas interiores, na difusión da investigación a presenza de homes era o dobre que a de mulleres.

Polo tanto, este é un dato positivo a salientar: nas portadas existe un protagonismo equilibrado na imaxe individual de homes e mulleres no que se refire ao contido da difusión da investigación

Onde existe un paralelismo claro entre ambos os informes é naquelas novas que dan conta da información institucional: en ambos os casos, o peso dos grupos mixtos con

maioría de homes é superior ás imaxes de mulleres ou grupos mixtos con maioría de mulleres. No caso das portadas, as imaxes de grupos mixtos con maioría de homes é **seis veces** superior ás imaxes de grupos mixtos con maioría de mulleres, e case cinco veces superior no caso das novas en xeral.

Ao analizar o cruce de variables de **Campus coa persoa protagonista da nova**, obsérvase que no Campus de Vigo existe un maior protagonismo de homes que de mulleres.

Como xa se sinalou anteriormente, o Campus de Vigo é o que maior peso ten nas portadas analizadas, un Campus onde o protagonismo masculino (de homes e de grupos de homes) é superior ao dos outros dous Campus, o de Pontevedra e Ourense, nos que a presenza de mulleres é porcentualmente maior que no caso do Campus de Vigo.

O mesmo fenómeno acontece no conxunto de novas analizadas. Así, nas novas de portada que fan referencia ao Campus de Vigo, o protagonismo individual de homes é do 37 %; no resto de novas é do 26 %. O protagonismo de mulleres é aproximadamente do 10 % en ambos os casos.

Isto pode deberse ao maior peso do ámbito científico-tecnolóxico neste Campus e ao das informacións institucionais.

Se relacionamos o **campus e o ámbito da nova**, podemos detectar certas tendencias semellantes en ambas as investigacións. Así, en ambos os casos, no Campus de Vigo destaca o ámbito científico-tecnolóxico, sendo nas portadas aínda máis salientable o su peso (67,8 %).

No campus de Pontevedra e no campus de Ourense existe un maior equilibrio entre os diferentes ámbitos. No caso de Pontevedra destaca o peso do ámbito xurídico- social nas portadas, mentres que nas novas en xeral destaca o ámbito da arte. En cambio, no campus de Ourense destacan o ámbito científico- tecnolóxico e o xurídico- social.

En síntese, o Campus de Vigo e o ámbito científico- tecnolóxico teñen un peso importante nas novas do Duvi, un peso que aínda se incrementa máis nas novas de portada.

Cruzaremos agora a variable **contido da nova co ámbito da nova**. Nos dous informes realizados, o ámbito científico-tecnolóxico asóciase en gran medida coa difusión da investigación. Ao redor do 40 % de novas deste ámbito (tanto nas portadas como no conxunto das novas analizadas) informa sobre a difusión da investigación; é dicir, acerca de proxectos de investigación, teses realizadas, et.

O seguinte ámbito en importancia é o xurídico-social, un ámbito no que nas portadas tamén se destaca a difusión da investigación (25 %), mentres que no resto de novas se asocia en maior medida coa realización de xornadas e congresos (44 %).

En terceiro lugar, no ámbito de humanidades e filoloxías, volven destacar nas portadas os contidos de difusión de investigación (28 %), mentres que no resto de novas destacan aquelas novas relacionadas coa celebración de xornadas e congresos (39,2 %).

Por último, a arte ten un comportamento claramente diferencial en ambos casos en comparación co resto de ámbitos, xa que unha ampla maioría de novas aparece asociada a actividades denominadas culturais que, en moitos casos, entendemos que están relacionadas coa difusión da investigación.

7. PROPOSTAS

Tendo en conta os resultados obtidos, consonte o I Plan de igualdade entre mulleres e homes da Universidade de Vigo 2012/2014, que establece como primeiro eixe «Afianzar e ampliar o compromiso da Universidade de Vigo coa igualdade», é preciso asumir que se pode mellorar a visibilidade das mulleres no Duvi. Como sinalaba Gallagher (1981), se os medios habitualmente reflicten a desigualdade estrutural das mulleres, tamén se poden usar para o avance da igualdade e do status das mulleres. Neste sentido, é a propia institución, a través dos seus órganos de goberno e de igualdade, a que debe establecer as medidas de acción positiva precisas, para que se produza o necesario avance no eixe indicado.

Non é competencia do equipo redactor deste informe avaliar o I Plan de igualdade da Universidade de Vigo nin realizar o novo diagnóstico que debe emerxer da citada avaliación, pero baseándonos na análise dos datos realizada, nos obxectivos do propio plan e apoiándonos nos puntos fortes detectados, achegamos diversas propostas de mellora e mesmo de continuidade da investigación, ben entendido que a meirande parte das suxestións formuladas non depende da vontade das persoas que traballan no Duvi, senón dos órganos de goberno e de igualdade da Universidade de Vigo.

A fin de establecer accións positivas destinadas a mellorar a imaxe das mulleres no Duvi e a aumentar a súa presenza, que en moitos casos é un reflexo da súa situación na institución universitaria, consideramos que serían precisas, sen afán de exhaustividade, pero con carácter de urxencia, as seguintes:

- Examinar e facer visible onde están as mulleres e que fan, ou dito doutra maneira, non se trata unicamente de detectar cales son as súas carencias, senón de determinar cales son as súas potencialidades e como estas se transforman ou se poden transformar en achegas á institución: desde que ámbitos, que áreas, que tipo de actividades realizan, que investigan, que necesidades específicas teñen.

Neste sentido, a modo de exemplo, se unha importante porcentaxe de novas se refire ao ámbito tecnolóxico-científico e a presenza das mulleres nese eido é pequena, o resultado será que a súa presenza no Duvi tamén o será, a non ser que se detecte claramente cales son as fortalezas da presenza feminina e se incentiven, de tal maneira que se reflictan na imaxe da institución.

- Respecto do anterior, sería de moita utilidade elaborar un informe ao estilo dos *She Figures* da Unión Europea ou de *Mulleres en cifras*, do Instituto da Muller, referido á docencia, investigación, transferencia e xestión.
- Elaborar un informe DAFO (Debilidades, Ameazas, Fortalezas e Oportunidades) respecto á visibilidade das mulleres, pero tamén aos diferentes ámbitos e campus, xa que a composición de cada un es e a importancia que se lle concede non son alleas á presenza ou ausencia das mulleres na imaxe da nosa universidade.

- Unha vez realizados os informes suxeridos, sería preciso examinar os puntos fortes e débiles de cada ámbito para incidir neles desde unha perspectiva de xénero, concedéndolles importancia institucional ás actividades realizadas por mulleres; por exemplo, proporcionando maior información de xornadas e congresos organizados por mulleres ou grupos de mulleres ou accións de formación.
- Débese salientar que unha gran parte das novas referidas á igualdade se ocupa de difundir resultados de investigación, así como de actividades culturais, xornadas e congresos.

Neste sentido, como se indica no Plan de igualdade, precísanse accións decididas de apoio á investigación en xénero: a desaparición dos fondos destinados por Caixanova á Cátedra Feminista, a desaparición das convocatorias de proxectos de investigación en xénero por parte da Xunta de Galicia e as condicións das convocatorias de I+D+i pensadas para o ámbito tecnolóxico-científico dificultan enormemente, cando non imposibilitan, a investigación neste eido. Trátase de evitar que a investigación en xénero se converta nun reduto marxinal e para iso é preciso, tal como se recolle no Plan de igualdade:

Recoñecer, impulsar e fomentar as liñas de investigación relacionadas coa igualdade entre mulleres e homes e todos os ámbitos e áreas de coñecemento, o que necesariamente vai repercutir de forma favorable na calidade de vida das persoas, no fomento de valores igualitarios e da igualdade civil.

Incluír a investigación en xénero como área temática a priorizar na actividade investigadora da Universidade de Vigo.³

Dar maior visibilidade á investigación realizada tanto por mulleres soas como por grupos de mulleres ou grupos con IP feminina. Sería preciso buscar as causas polas que no Duvi esta investigación está infrarrepresentada respecto ás cifras reais, por exemplo, sería de utilidade indagar acerca de se as mulleres se ocupan menos de mostrar publicamente as súas investigacións.

- Darlles maior visibilidade ás mulleres na información institucional, na que as imaxes de mulleres teñen unha presenza case anecdótica. Neste sentido, como xa se indicou, ao aparecer nestas novas outras institucións políticas e empresariais, é preciso realizar un labor destinado, por exemplo, a que a paridade se mostre nas presentacións públicas da institución en solitario e nas conxuntas. Esta cuestión non é menor, xa que os cargos empresariais aparecen en idéntica medida que decanos e decanas.

Deseguido, reproducíase un parágrafo do Plan de igualdade que vai na mesma liña do sinalado anteriormente, pero que se estende alén da consignada nese parágrafo:

A universidade é unha institución que debe dar exemplo e testemuño dos valores constitucionais, democráticos e de xustiza. O compromiso coa igualdade débese facer extensivo ás empresas, entidades ou institucións públicas coas que colabora respecto da

³Eixe 3. Docencia, investigación e transferencia de coñecemento con perspectiva de xénero/Obxectivo estratéxico/Integrar a perspectiva de xénero na xeración, transmisión e transferencia de coñecemento

esixencia do cumprimento da normativa da igualdade entre mulleres e homes pois doutra forma podería desembocar na relación con entidades que practiquen algún tipo de discriminación. Por outra parte, é importante que a Universidade de Vigo colabore e participe no impulso da igualdade con cantas asociacións, empresas ou entidades sexa posible. Neste sentido debe ser parte activa na presentación de moos de referencia non estereotipados polo xénero, especialmente de cara ao seu alumnado presente e futuro.⁴

- Aínda que se constata un intento loable de usar unha linguaxe inclusiva, sobre todo no título das novas e, en particular nas portadas, detéctanse erros e omisións no seu emprego, especialmente se analizamos o corpo do texto das novas. Sería necesaria unha formación específica en estilo xornalístico con perspectiva de xénero (Bach *et al*, 2000).
- Incentivar a inclusión da perspectiva de xénero na docencia: guías docentes, guías de titulación e actividades, que se farán visibles nas novas recollidas.
- Estoutras medidas que se consignan no I Plan de igualdade (Eixe 2. Obxectivo operativo 2):

Elaborar e difundir un protocolo sobre a transmisión da imaxe das mulleres por parte da universidade fundamentado no principio de igualdade.

Deseñar e implantar un procedemento de seguimento da incorporación da perspectiva de xénero na comunicación interna e externa da Universidade de Vigo, con prioridade nos actos públicos e campañas.

As devanditas medidas son coherentes co establecido ao respecto no I Plan de igualdade desta universidade: «

Transmitir unha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada das mulleres e homes para facer visibles as mulleres e a súa contribución aos resultados e ao éxito da organización».

⁴Eixe 1. Obxectivo operativo 5. Facer extensivo o compromiso coa igualdade a todas aquelas institucións e empresas coas que a Universidade de Vigo mantén relacións institucionais.

8. BIBLIOGRAFÍA⁵

- Bach, Marta, Altés, Elvira, Gallego, Joana, Plujà, Marta e Puig, Montserrat (2000). *El sexo de la noticia. Reflexiones sobre el género en la información y recomendaciones de estilo*. Barcelona: Icaria.
- Carter, Cynthia (2011). Sex/Gender and the Media: From Sex Roles to Social Construction and Beyond. En Karen Ross (ed.), *The Handbook of Gender, Sex and Media*. Oxford: Wiley-Blackwell. *dia*, 18, 363-382
- Collins, Rebeca (2011). Content analysis of gender roles in media: Where are we now and where should we go? *Sex Roles*, 3, 290-298.
- Comisión Europea (2012): *She figures 2013. Gender in research and innovation*. Bruselas: Comisión Europea. Recuperado o 20 de decembro de 2014, de http://ec.europa.eu/research/science-society/document_library/pdf_06/she-figures-2012_en.pdf.
- Fagoaga, Concha e Secanella, Petra (1984). *Umbral de la presencia de las mujeres en la prensa española*. Madrid: Instituto da Muller.
- Gallagher, Margaret (1981). *Unequal opportunities. The case of women and the media*. París: Unesco.
- Gallego, Joana (coord.) (1998). *Gènere i Informació*. Barcelona: Associació de Dones Periodistes de Catalunya, Ajuntament de Barcelona e Institut Català de la Dona.
- Gallego, Joana, Altés, Elvira, Melús, María Eugenia, Soriano, Jaume e Cantón, María José (2002). La prensa diaria por dentro: mecanismos de transmisión de estereotipos de género en la prensa de información general. *Anàlisi*, 28, 225-242.
- Greenwood, Dara e Lippman, Julia (2010). Gender and Media: Content, Uses, and Impact. *Handbook of Gender Research in Psychology*, 643-669.
- Instituto da Muller. *Mujeres en cifras. Boletín estadístico*. Recuperado o 20 de decembro de 2014, de <http://www.inmujer.gob.es/estadisticas/boletinEstadistico/home.htm>.
- Mattelart, Michèle (1982). *Mujeres e industrias culturales*. Barcelona: Anagrama.
- Rovetto, Florencia (2013). Estudios feministas y medios de comunicación: avances teóricos y periodísticos en España y Argentina. *Revista F@ro*, 16, 14-27.
- Sánchez, José, Berganza, Rosa e García, Carmela (2003). *Mujer publicada, mujer maltratada*. Pamplona: Gobierno de Navarra e Instituto Navarro de la Mujer.
- Tuchman, Gaye (1978). The symbolic annihilation of women by the mass media. *Hearth and Home: Images of Women in the Mass Media*, 3-38.

⁵Utilízase a normativa APA modificada co obxecto de incluír o nome de autoras e autores.